



CONCELLO DE OLEIROS



Perillo, tricampión de España de bateis

Por terceiro ano consecutivo, a embarcación do Clube de Regatas de Perillo logrou acadar de novo o campionato en Castro Urdiales (Cantabria). Gracias a Carlos, Óscar, Fernando, Roi e Luis —a tripulación— en Oleiros tivemos un novo motivo de ledicia. O Concello felicítounos de novo, simbolizando o orgullo e a satisfacción que nos produce a tódolos veciños de Oleiros.

Vivir en Oleiros

Nº3 / Xuño 1998

Coa restauración da Quinta Ría Leda de Perillo nace un novo símbolo do Oleiros que a todos nos interesa: un Oleiros de alta calidade, preocupado pola cultura e o benestar dos seus veciños. No próximo número de «Vivir en Oleiros» informaremos extensamente sobre a historia e os novos usos desta finca que será a sede da Biblioteca Central. Agora ofrecémoslle as primeiras fotos do edificio restaurado por alumnos do Centro de Formación Isaac Díaz Pardo.

...E TAMÉN A VELLA FÁBRICA DE CERVEXAS

Outra edificación que se está recuperando é a antiga fábrica de cervexas de Guyatt, no Pasaxe, que se está a converter en Centro de Actividades Náuticas, Casa da Música e Centro de Información Xuvenil. Atoparás máis información na última páxina.

Unha nova, útil e fermosa obra para un Oleiros culto e avanzado

Ría Leda

¿O castelo de Brancaneves?

—Non, é a nova Biblioteca Central

A Facenda do Estado quédase con cartos dos veciños de Oleiros

O Estado ingresa no Concello de Oleiros diñeiro como se fôsemos 18.000 habitantes, pero xa case chegamos ós 25.000. O padrón municipal actualízase constantemente, pero non se dan por enterados. Hoxendía deixamos de percibir dos nosos impostos uns 200 millóns de pesetas cada ano, que van parar a outros lugares.

• Páxina 5



¿Segue o teu can sen pedirche «caca»?

— Mira na páxina 3

Novo instituto en Oleiros e ampliacións en centros de Santa Cruz e Perillo

En Oleiros construírase o novo instituto, en Perillo ampliarase o Neira Vilas e en Santa Cruz o Parga Pondal. Todo para adaptarse á ESO. Segue así a política municipal de apoio a un ensino público cos maiores estándares de calidade de Galicia.

• Páxina 11

NOVA ESTAFETA PARA MELLORA-LO CORREO

• Páxina 5

DEPUTACIÓN QUERE ABANDONA-LAS OBRAS MÁIS COSTOSAS

• Páxina 5

A OPINIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS DO CONCELLO

• Páxina 3

Como saber **donde está todo** en **Oleiros**

AXENDA
Páxina 2



Servicios públicos

| | |
|------------------------------------|----------------|
| • Concello de Oleiros | 61 0000 |
| Policia Local (24 horas) | 61 0001 |
| Guardia Civil de Oleiros | 61 0067 |
| Guardia Civil urxencias | 062 |
| Xulgado | 61 0824 |
| Urxencias médicas (24horas) | 061 |
| Centro de Urxencias Sta. Cruz | 61 4901 |
| Centro Saúde Perillo (cita previa) | 63 8731 |
| Centro Saúde S. Cruz (cita previa) | 62 6768 |
| Empresa de augas | 61 0602 |
| Mercado municipal | 63 8158 |
| Recadación municipal | 63 5603 |
| Ofic. Consumidor (Omic) | 610000 ext.211 |
| C. Formación Isaac Díaz Pardo | 63 1706 |
| C. Recuperación fauna salvaxe | 62 6241 |
| Casa da Xuventude | 63 6598 |
| C. cultural As Torres de Sta. Cruz | 63 0618 |
| Casa da Cultura de Mera | 61 7662 |
| Casa da Cultura de Iñás | 63 1240 |
| Casa da Cultura de Dexo-Lorbé | 61 8201 |
| Casa da Cultura de Montrove | 63 5160 |
| Casa da Cultura de Perillo | 63 6555 |
| Casa da Cultura de Dorneda | 61 4582 |
| Casa Charry | 63 1444 |

TAXI: Tif. 65 11 11

Autobuses de liña AUTOSCAL PITA

Bus a **Nós**. De 6,30 a 21h, cada 15min., e de 21,30 a 22,30 cada 30min. / Sáb. de 7,30 a 22,30 cada 30min. / Dom. e fest. de 8,30 a 22,30 cada 30min.

Regresa De 7 a 21 cada 15m. e de 21,30 a 22,30 cada 30 min. / Sáb. de 8 a 22,30 cada 30 min. / Dom. e fest. de 9 a 22,30 cada 30 min.

Bus a **Sta Cruz-Sada**. De 6,25 a 21,25 cada h. / Sáb., dom. e fest. de 8,25 a 20,25 cada h., e ás 22h.

Regresa De 6,25 a 21,25 cada h. / Sáb. de 7,25 a 21,25 cada h., e ás 22 / Dom. e fest. de 8,25 a 21,25 de 9 a 22,30 cada 30 min.

Bus a **Sta. Cruz-Arillo-Rialta**. De 6,40 a 21,40 cada h. / Sáb. de 9,40 a 12,40 e 16,40 a 19,40 cada h.

Regresa De 7,10 a 22,10 cada h. / Sáb., dom. e fest. de 10,10 a 13,10 e 17,10 a 20,10 cada h.

Bus a **O Carballo-Oleiros-Sada**. De 6,55 a 21,55 cada h. / Sáb. de 6,55 a 20,55 cada 2hs / Dom. e fes. de 8,55 a 20,55 cada 2hs.

Regresa De 6,55 a 21,55 cada h. / Sáb. de 7,55 a 21,55 cada 2 hs / Dom. e fest. de 9,55 a 21,55 cada 2 hs.

Bus a **Montrove-OsRegos-Oleiros**. De 6,05 a 21,05 cada h. / Sáb. de 8,05 a 20,05 cada h. / Dom. e fest. de 10,05 a 20,05 cada h.

Regresa 6,35 a 21,35 cada h. / Sáb. de 8,35 a 20,35 cada h. / Dom. e fest. de 10,35 a 20,35 cada h.

Bus a **Dorneda-Pousada**. 7,10-8,20-14,10-19,05 / Sáb. ás 7-10-21,10 / Dom. e fest. ás 9-13

Regresa ás 7,40-8,50-15-19,50 / Sáb. ás 7,35-10,35-21-45 / Dom. e fest. 9,35-13,35

Bus a **Perillo-Montrove-Oleiros-Soñeiro**. As 7,05 / Sáb. ás 8,05 e 14,05 / Dom. e fest. ás 10,05 e 14,05

Regresa As 7,30 / Sáb. ás 8,30 e 14,30 / Dom. e fest. ás 10,30 e 14,30

Bus a **Perillo-Sta.Cruz-Franzomel-Dorneda-Pousada-Oleiros-Soñeiro** De luns a venres ás 14,10 e ás 19,05

Regresa De luns a venres ás 14,55 e 19,45

Especial verán **Sta.Cristina** Todos os días de 10,20 a 20,20 cada h • *Regresa de 10,50 a 20,50*

Especial verán **Sta.Cruz** Todos os días de 10,05 a 21,05 cada h. • *Regresa de 10,35 a 21,35*

AUTOS ELISEO PITA

Liña A Coruña-Sta.Cruz-Mera-Lorbé-Sada Horarios: 7,30(non sáb.)-8,30-9,45(non sáb.)-10,45-11,45-13,45-17,15-20,15-22,30

Regresa 6,30(non sáb.)-7,30-8,45(non sáb.)-9,45-10,45-12,45-16,15-21,15-21,30

IDEAL AUTO

Esta empresa fai a rota da N-VI, con máis de 40 paradas na liña A Coruña-Betanzos, con saídas de A Coruña cada media hora. Outros moitos autobuses desta compañía tamén paran en Perillo, Nós e O Carballo.

¿Cántos somos?



| PARROQUIAS | Veciños |
|------------------|---------------|
| Dexo | 1.222 |
| Dorneda | 2.889 |
| Iñás | 757 |
| Liáns | 5.475 |
| Maianca+Serantes | 2.009 |
| Nós | 3.287 |
| Perillo | 5.574 |
| Oleiros | 2.312 |
| En total | 23.525 |

A Terra

| A LÚA DESDE AQUÍ | | |
|-------------------------------|------------------------------------|-----------------|
| Nova | 24 xuñ / 23 xull / 22 ago / 20 set | |
| Medra | 2 xuñ / 1 xull / 31 xull / 30 ago | |
| Chea | 10 xuñ / 9 xull / 8 ago / 6 set | |
| Mingua | 17 xuñ / 16 xull / 14 ago / 13 set | |
| AS MAREAS (Horas de domingos) | | |
| Xuño | Pleamares | Baixamares |
| Día 7 | 00,15h / 13,36h | 07,22h / 19,38h |
| Día 14 | 05,35h / 17,55h | 11,36h / |
| Día 21 | 00,32h /13,07h | 06,47h / 19,15h |
| Día 28 | 05,38h / 17,59h | 11,30h / |
| Xullo | Pleamares | Baixamares |
| Día 5 | - / 12,18h | 06,00h / 18,22h |
| Día 12 | 04,41h / 16,59h | 10,40h / 23,09h |
| Día 19 | 11,44h / - | 05,20h / 17,55h |
| Día 26 | 04,42h / 17,02h | 10,37h / 23,09h |
| Agosto | Pleamares | Baixamares |
| Día 2 | 10,21h / 22,51h | 03,51h / 16,19h |
| Día 9 | 03,49h / 16,05h | 09,47h / 22,12h |
| Día 16 | 09,54h / 22,30h | 03,24h / 16,06h |
| Día 23 | 03,49h / 16,09h | 09,46h / 22,14h |
| Día 30 | 07,52h / 20,29h | 01,35h / 14,08 |
| Mareas vivas: | 24 xuñ / 11 xull / 10 ago | |
| Mareas mortas: | 3 xuñ / 3 xull / 31 ago | |

Farmacias de garda

O servizo de urxencia está organizado entre as farmacias dos concellos de Oleiros, Cambre e Culleredo. Cada semana, corresponde o servizo nocturno ás seguintes oficinas:

TURNO 1 Están de Garda as semanas do 19 xuño, 24 xullo, 28 agosto, 2 outubro, 6 novembro, 11 decembro. A este turno pertencen:

Oleiros [Camilo Díaz Valiño, 1] • **O Temple**. [Costa da Tapia, 1 (entre O Seixal e a entrada á Autopista)]

TURNO 2 Están de Garda as semanas do 26 xuño, 31 xullo, 4 setembro, 9 outubro, 13 novembro, 18 decembro. A este turno pertencen:

Mera-Serantes-Lorbé • **O Portazgo-Vilaboa** • **Cecebre**

TURNO 3 Están de Garda as semanas do 3 xullo, 7 agosto, 11 setembro, 16 outubro, 20 novembro, 25 decembro. A este turno pertencen:

Perillo [Avda. Rosalía Castro] • **Cambre**

TURNO 4 Están de Garda as semanas do 5 xuño, 10 xullo, 14 agosto, 18 setembro, 23 outubro, 27 novembro. A este turno pertencen:

Nós • **Rutis** [Av. Vilaboa]

TURNO 5 Están de Garda as semanas do 12 xuño, 17 xullo, 21 agosto, 25 setembro, 30 outubro, 4 de decembro. A este turno pertencen:

Santa Cruz [Avda. Concepción Arenal] • **O Burgo**

Serv. permanente: Sigrás-Cambre e Tarrío-Culleredo

axenda



101.5 FM

Programación semanal

De luns a venres, en hora fixa:

11: Radio Ecça. Formación de Adultos / 12: As mañás musicais / 13,30: Informativo local

Programas semanais:

LUNS / 12,30: Informativo xeral / **13:** A casa da música / **14:** Os Meteoros (infantil) / **15:** Dispara e corre (musical) / **15,30:** A nosa música

MARTES / 12,30: Informativo xeral / **13:** Fito Ramudo (entrevista) / **14:** Laranxa é a cor... (jazz) / **15:** Motor / **16:** Lió, non márkese as horas (dramático)

MÉRCORES / 12,30: Informativo xeral / **13:** A Guagua (salsa) / **14:** Metralla (rock) / **15:** Tócaa outra vez (cine)

XOVES / 12,30: Redencións Auriculares (magazine) / **14:** Entrevista municipal / **14,30:** Cousas de casa (cociña) / **14,45:** Turismo / **15,30:** Ocio

VENRES / 12,30: Informativo xeral / **13:** Os discos de mamá (música nostálgica) / **14:** Cristal policromado (sucenos) / **14,30:** O Porcoiteiro (rock)

SABADO / 12,30: FTM (música industrial) / **13,30:** Seguimento deportivo / **14,30:** A hora da verba (Poesía)

Cada día, repítese a programación desde as 16 ás 20 horas

Teléfono de participación do ouvinte: 631078

Registro Civil

NACERON

Laura Vazquez Lopez, filla de José Enrique e Montserrat. Luis Patiño Varela, de Santiago e Mª Jesús. Dario Ezequiel Romero Sandes, de Rubén e de Andrea. Andrea Vázquez Fernández, de Jose Manuel e Mª Mercedes. Carlos Moreno Bechis, de Alejandro e Margarita. Lucía Lorenzo Amoedo, de Amador e Rosa Mª. Ivan Pintos Vila, de Jose Antonio e Paula. Yago Jul Chousa, de Antonio e Carmen. Mª Pilar López García, de José e Begoña. Anna González Gómez, de Enrique e Sílvia. Sara Iglesias Fernandez, de Marcos e Paula Mª. Alejandro Cernadas de la Iglesia, de Mª Dolores. Mª Diaz Cao, de Luis e de Mª Esperanza. Iago Busto de Armas, de Carlos Antonio e Daniela. Aida Dieguez González, de Daniel e Ana Mª. Paula Bellas Suárez, de José e Mª Carmen. Sara Seijo Galán, de Alvaro e Mónica Beatriz. Samuel Ruibal Iglesias, de Mª Mar. Cristian Rey Diaz, de Pablo e Cristina. Manuel Mosquera Rey, de Manuel Alfredo e Isabel Azucena. Evan López Vareal, de Germán e Gumersinda. Alejandro García Rodríguez, de Juan Jesús e Mª Pilar. Rubén García Neira, de Florencio e Eva Mª. Alejandro Fernández Varela, de Miguel Angel e Hermosinda. Carlos de Troya Fernández, de Jose Joaquin e de Ana Maria. Ana Natalia Caias Besconsa, de Federico e Isabel. Vera Conde Grecente, de Mariano e de Rosa Mª. Sara Álvarez Fernández, filla de Benjamín e de Mª Soledad. Vanessa Fernández Lodeiro, de Juan Antonio e de Mª Carmen. Sara Suárez Camota, de Domingo Antonio e Mª Josefa. Lia Silvosa Ulloa, de Ana Isabel. Xian Rey Siso, de Manuel e de Mª Pilar. Bosco Pena Sueiro, de Enrique e Mª Belén Sueiro Fernandez. Raúl Muñoz Higuera, de Mª Asunción. Sara Loureiro Valverde, de Joaquina Mª. Pilar González-Villalobó Rincón, de Rafael e de Isabel Eugenia. Claudia Estraviz Veiga, de Ramón. Andrea Docampo Sanchez, de Fernando e Sonia.

FINARON

López Felipe, Andres. Casal Lamate, Genevora. Martínez Martínez, José. Martos López, Isabel. Siso Riso, Francisca. Conchado de Blas, Manuela. López Gonzales, Enrique. Amor Santos, Rosario. Ramos García, Antonio. Varela Longueira, Fernando. González de la Iglesia, Luis. Valeiro Varela, Carlos. González Dans, Benito Salvador. Mariñas Temprano, Josefa. Vazquez Fernandez, Carmen. Lamas Lado, Saladina Abruñedo Fernandez, Emiliano. Maceira Moscoso, Eduardo. Yebra Fernandez, Enrique. Iglesias Fariña, Jesús. Vazquez Pérez, Antonio. Varela Pasero, Manuel. Souto Antelo, Maria Josefa. Orro González Enrique. Catoría Longueira, Adela María. Andrade Gomez, Guadalupe Marai. Waiss Tenreiro, Elena. Taibo Siso, José. Fernandez Canedo, Silvino. Villegas Gorostiaga, Esperanza. Lage Ceide, Segundo German. Villar Uya, M. Josefa. López Pereiro, Luisa. García Fernandez, Josefa. González López, Pilar. Miñán Aradas, José. Fernandez García, Juan. Pan Bergondo, José. Garrido Gomez, M. Sira. Rodríguez García, Eduardo. Azevalo Sanchez, José Maria. Viñuela Calles, Vicente. Quintela Amor, María José. Fernandez Neira, Luciano Valeiro Carames, Eduardo. Santiso Fariña, Francisco. Mouron Vila, Teresa. Mañana González, José. Suarez Miguez, Dominga. Loureiro Rama, Julio.

XUNTARONSE

Monge, José Luis con Fuentes, Mª Soledad / Lagares, Pedro con Fandiño, Mª Isabel / Casal, I. Antonio con Hortas, Marta Mª / Fernandez, Alberto Manuel con Uribe, Amaya / Andrada, Fco. Javier con Portela, Bibiana / Louro, Luis Antonio con Peteiro, Mª Teresa / Iglesias, Jorge Juan con Lopez, Mª Isabel / Varela, Luis José con Lopez, Liliana / Seon, Young con Roel, Sonia / Del Río, Elisardo con Gomez, Janmeth / Vázquez, Jesús Manuel con Da Silva, Adridana Mª / Conchado, Manuel Enrique con Sánchez, Generosa / Fernández, José Belarmino con Suárez, Rosa Mª / Palmero, Enrique con Brito, Fredys Isenia / Areal, Juan José con Losada, Marta / Martínez, José Antonio con Diaz, Ana Mª / González, Gonzalo con Páramo, Marta / Ibañez, Fernando Javier con Díaz, Berta / Tozer, Michael con Brichette, Mª Isabel / Rodriguez, Alberto Ismael con Malo, Mª Luisa / López, Edmundo Pablo con Varela, Mª Jesús / Doval, Salvador Raúl con Romay, Hermitas Mª / Bustelo, Alberto con Varela, Begoña / Seijas, José Manuel con Vazquez, Mª Celeste / Ponte, Victor Manuel con Santos, Mª Angeles / Alberto, Alfonso con Seoane, Luisa Mª / Castro, José Luis con Sexto , Ana Verónica / Vázquez, Alfonso con Mosquera, Mª Carmen.

Casa Charry. Sala de Exposicións

Primeira quincena de Xuño. Día Mundial do Medio Ambiente. «A Lagoa de Antela, a memoria asolagada». Día 6 de xuño: Fotomaraton da Casa da Xuventude e presentación dun libro sobre a Lagoa de Antela.

Terceira semama. Tapices realizados polos participantes nos obradoiros de Servizos Sociais.

Cuarta semama. Traballos dos nenos de AspadiSol

Primeira quincena de Xuño. Exposición de fotografías de Xurxo Lobato sobre o Sahara

Segunda quincena. Pinturas de Fidel Vidal.

Museo dos Oleiros José María Kaydeda

A máis importante colección de cerámica popular española, ubicada no Centro Cultural «As Torres» de Santa Cruz. Tif. 626692.

Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais

Perillo. (Bibl. Central). Casa da Cultura, pisos 2º e 3º. Tif. 638409 / **Horarios:** Mañás de luns a sábados de 11 a 13h. / Tardes de luns a venres de 15,30 a 20h. / Veráns de luns a venres de 10 a 15h.

Santa Cruz. (Biblioteca e Centro de Documentación da Muller «Rosalía de Castro») C.Cultural As Torres. Rúa Pardo Bazán. Tif. 626338 / **Horarios:** Mañás de martes a venres de 10 a 13,30h. / 1º e 2º sábados de mes: de 11 a 13h. / Tardes de luns a venres de 15,30 a 20h. / Veráns (15 de xuño a 15 de setembro) de luns a venres de 8 a 15h.

Oleiros. R. Camilo Díaz Valiño, s/n. / Tif. 61 0700 / **Horarios:** Mañás martes e xoves de 10 a 12,30h. / 2º e 4º sábados de mes de 11 a 13h. / Tardes de luns a venres de 16 a 20h. / Veráns de luns a venres de 10 a 14h.

Mera. (Bibl. «Mª José Trincado») A Lagoa. Urb. Pía de Maianca. R. Curros Enríquez, 44. / Tif. 61 7662 / **Horarios:** De luns a venres de 16 a 20h (Veráns incluído)

Iñás. Casa do Pobo. / Tif. 63 1240 / **Horarios:** De luns a venres de 16 a 20h (Veráns incluído)

Dorneda. Casa do Pobo. Arillo. / **Horarios:** De luns a venres de 16 a 20h (Veráns incluído)

Nós. Casa do Pobo / **Horarios:** De luns a venres de 16 a 20h. (Veráns incluído)

Dexo-Lorbé. Casa do Pobo / **Horarios:** De luns a venres de 16 a 20h. (Veráns incluído)

Calendario do Contribuinte

1998

Do 24 de agosto ó 30 de outubro: Imposto de Actividades Económicas (IAE), Imposto sobre Bens Inmóveis Urbanos (IBI-U) e Imposto sobre Bens Inmóveis Rústicos (IBI-R).

Os pagamentos pódense realizar en calquer axencia de Caixa Galicia, Banesto, Banco Santander, BBV e La Caixa.

Servizos Domésticos

- Veterinarios**
Santa Cruz 626310
Gayacan 660335 /Milanova
Salud Animal 631651 /Dos Regos
- Mag. de construción**
J.Barreiro 635474 /Oleiros
- Reparación coches e bicis**
J. Galán 610710 /Oleiros

- Fontanerías**
A.Taibo 614529 /Sta.Cruz
A.Guillín 631567 /Oleiros
J.Arca 617591 /Maianca
J.A.Barros 626689 /Dorneda
J.Costa 635735 /Sta.Cristina
A.Dominguez661108 /Nós
S.Fernández 638214 /Perillo
Fonelec 662744-908587710 /Nós
C.Suarez 638400 /Perillo
J.García 610339 /Oleiros
S.García 611039 /O Carballo
- Instalacións eléctricas**
E.F.Orro 908584277 /Mera
R.Pol 635325 /Perillo
J.L.Rodríguez 626270 /Dorneda

- Albanelería**
J.M.Alvarez 617788 /Serantes
A.Arevalo 617243 /Dexo
J.Bao 635617 /Perillo
A.Barreiro 617887 /Maianca
F.Beltran 628373 /Lorbe
J.M.Blas 635811 /Perillo
J.Cagiao 626038 /Sta.Cruz
J.Cal 662449 /Oleiros
M.C.Carballo 631578 /Nos

- Gomaño 666387 /Oleiros
O.Bravo 908586979 /Sta.Cruz
J.M.Fernández 614990 /Arillo
F.Fernández 636078 /Perillo
E.Fernández 636572 /Perillo
J.Fernández 614919 /Dorneda
J.Fernández 617720 /Dorneda
L.Gacio 636587 /Perillo
A.García 618190 /Serantes
V.García 661448 /Nós
M.Illanes 614356 /Dorneda
D.Lamas 631356 /Oleiros
- A.Lastres 908586296 /Dorneda
A.López 617411 /Mera
J.D.López 626082 /Santa Cruz
F.Mañana 615298 /Arillo
J.L.Martínez 636034 /Perillo
A.Mato 667682 /Nós
J.Mirón 618119 /Mera
V.Naya 617096 /Mera
M.Novo 610830 /O Carballo
A.Otero 631344 /Oleiros
J.Pampin 635920 /Perillo
J.L.Prego 626147 /Dorneda

- J.A.Prieto 610181 /Oleiros
F.Recarey 617503 /Oleiros
J.M.Rodríguez 610746 /O Carballo
J.R.Sánchez 664599 /Nós
F.Sánchez 610779 /Iñás
L.Siso 617461 /Mera
M.Siso 617467 /Mera
R.Suarez 615239 /Dorneda
A.Sueiro 614849 /Dorneda
A.Uzal 908581521 /Rialta
M.Vallo 610812 /Oleiros
F.Vazquez 614927 /Santa Cruz
- M.Vidal 631015 /O Valiño
M.Vieito 610060 /Oleiros
- ATS-Fisioterapeutas**
M.Miranda 638633 /Perillo
J.L.Sanchez 638234 /Perillo
- Notarios**
R.Benzo 611506 /Oleiros



A política e os animais

Ángel García Seoane / Presidente da Alternativa dos Veciños

Como persoa interesada na conservación da flora e da fauna, son un contínuo seguidor dos documentais que se emiten pola 2 de TVE. Neles, un pode adquirir amplos coñecementos sobre temas e experiencias de gran validez para comprender-lo porqué de moitas das cousas que afectan para ben ou para mal ó desenvolvemento das nosas vidas, as nosas comunidades, no noso entorno... á convivencia, en definitiva. Anque a maior parte dos documentais versa sobre o mundo animal irracional, a semellanza en moitos aspectos

co mundo racional lévame a meditar e preguntarme por qué a inmensa maioría dos políticos non copian —ou o intentan— os bons exemplos que a Nai Natureza nos ofrece. Que fermoso sería aplica-las ensinanzas sobre a familia, o respecto, a fidelidade, a convivencia, o amor, que podemos aprender dos elefantes, as baleas, os golfiños, os cabalos, etc. Por qué será que os exemplos que máis proliferan entre a fauna racional dos políticos son os relacionados con aqueles outros animais que viven das

sobras dos demais, do traballo alleo, do daño ós demais, da eliminación do contrincante... caso dos abutres, as hienas, os cans do deserto, os tiburóns, os cocodrilos, os escorpións... Na espiral na que estamos metidos, semella que as especies nobres están sometidas a extinción. De non tomar medidas e crear áreas de reserva, habería que controla-lo crecemento dos depredadores antes de que nos quedemos sen unha parte tan importante da nosa fauna integrada no reino do mundo animal... racional.

Razonar antes que agredir

Esther Pita Pita
Alcaldesa de Oleiros

Conseguir que Oleiros sexa un lugar envidiable polos seus parques, as súas urbanizacións e a súa infraestrutura cultural, debía ser máis doado, máis sinxelo. Non nos damos acostumbrado a vivir sempre pendentes da torpeza e a inconsciencia que agocha un insulto.

Os veciños do noso concello temos unha reputada fama de festeiros e algareiros, común a toda a terra doce e amable da Mariña. Pero cando hai unha adversidade, o noso deber é mirala de frente, ata conseguir superala coa razón e a boa vontade: eso trasládase tamén á política municipal.

Baixo este razonamento, Oleiros veu gobernándose con éxito e resultados palpables desde hai xa varios lustros. Igual que en calquer familia: vemos cal son as necesidades, establecemo-las prioridades, medimo-los recursos que temos para facerlles frente, e alá imos: construímo-lo futuro en base ó sentido común. O mellor para os nosos fillos, para o noso negocio ou traballo, para a nosa familia... e tamén para os nosos amigos, veciños e compañeiros.

Pero eso é precisamente o que non soportan os que substitúen diariamente a razón pola agresión. Eses que só logran artellar difamacións e insultos, e pretenden facernos crer ós demais que neso consiste a política.

A maioría sabemos que non é así. Que Oleiros está sendo un éxito de xestión, e un modelo de convivencia harmónica entre os seus habitantes, e coa natureza privilexiada que nos arrodea. Si este país se tivera que construír en base ós insultos e as agresións, non merecería a pena vivir nel.

Pero que non cunda o pánico. Por fortuna, somos aínda moitos os que cremos profundamente no ser humano e na súa capacidade de reaccionar racional e tranquilamente ante calquer asunto sobre o que ten que decidir.



Instrumentos de propaganda

José Antonio Gómez Mahía / Coordinador del PP de Oleiros

El Grupo Municipal Popular se complace de entablar una nueva comunicación con los vecinos de Oleiros, ahora desde la publicación «Vivir en Oleiros», un instrumento de propaganda financiado con los impuestos municipales y puesto a disposición de la coalición formada por Alternativa dos Veciños —con el Bloque Nacionalista integrado en su seno— y el Partido Socialista.

Los medios de comunicación públicos, es decir, aquellos que se financian con los impuestos, deben reflejar el pluralismo de la sociedad, y representar a todas y cada una de las fuerzas políticas responsables de la administración que dirige esos medios. En el caso de «Vivir en Oleiros» se olvida este principio de representatividad y se lleva a cabo una

disfunción de la comunicación, tal es la manipulación política.

Es esta una constante en la política de la Alternativa dos Veciños, que ha puesto a su disposición una emisora de radio municipal en la que no existe ningún tipo de control sobre sus contenidos y que, por supuesto, olvida cualquier principio que tenga que ver con la comunicación social y el periodismo. En este sentido cabe destacar que los medios de comunicación que articula el Ayuntamiento de Oleiros carecen de la asesoría de un profesional de la información y la comunicación. Únicamente se ha tenido en cuenta el criterio de afinidad ideológica y fidelidad a las ideas dictadas desde la Alcaldía para cubrir una plaza laboral.

Las importantes funciones de la comunicación y los efectos que ésta puede tener sobre los destinatarios de los mensajes son de tanta importancia que en 1971 se crearon en España las primeras Facultades de Ciencias de la Información para dotar a la sociedad de profesionales capaces de respetar y hacer respetar el derecho a la información que asiste a todos los ciudadanos. En el caso del Ayuntamiento de Oleiros resulta lamentable que se instrumentalice de esta manera a la sociedad con medios «propagandísticos» y no informativos, y que, además, están financiados con fondos de las arcas municipales que podrían ir destinados a bienes más útiles para el conjunto de la sociedad.



Acertos, esperanzas, erros, e...

Francisco Cerviño / Luis Vázquez / Concelleiros do PSdeG-PSOE

Acertos: A recente consecución dun novo Instituto para Oleiros, a próxima apertura dunha Escola de Música (Conservatorio), dunha nova Biblioteca Central, a construción dunha Piscina Climatizada Municipal, a dotación de aceras en Lorbé, Canide-Mera e Arillo son algúns dos acertos propiciados polas xestións do Goberno Municipal.

Porque os socialistas tan so aspiramos, nada menos que aspiramos, a contribuir á construción dunha sociedade na que se poida ser máis feliz, e cremos que iso é máis posible si facemos esforzo importantes no campo da cultura, a educación, a saúde, do deporte..., pero tamén se nós e toda a sociedade somos cada día máis tolerantes e máis comprensivos.

Esperanzas: Esperamos que a Xunta cumpra coas súas obrigas. Nas pasadas eleccións Autonómicas, a Xunta de Galicia anunciou en tódolos periódicos, radios e voceiros da dereita de Oleiros a inminente construción dunha nova carretera para comunicar Oleiros e Sada coa Autopista do Atlántico. Garantizaban que en 1998 empezaría a construción da tan necesaria carretera e que a inversión ascendería a 3.000 millóns de pesetas. Como cidadáns e como concelleiros responsables, acollemos con ilusión tal oferta, estudiamos o proxecto e presentamos alegacións ante a Consellería do Sr. Cuiña para que o trazado prestase servizo

a tódolos veciños, desde Lorbé hasta Iñás. Pasaron semanas e meses, e cunha total falta de respecto a cidadáns e institucións, a Xunta non responde ás alegacións presentadas nin hai trazas de que comecen as obras. Ó Partido Popular fáielle doado levar os votos recurrido á mentira e ó engaño. O PSdeG-PSOE denuncia publicamente este timo político. ¿Non parece urxente que o PP de Oleiros, xunto co PSdeG-PSOE e coa A.VV. exixamos ó PP da Xunta que cumpra co que ofreceu publicamente? Exiximos a urxente construción da vía rápida anunciada.

Erros: Para os socialistas de Oleiros hai distintas cuestións que non se están a resolver na liña que consideramos a máis acertada. Dúas delas son a dos bombeiros e a do tratamento dos Residuos Sólidos Urbanos, lixo para entendernos. A solución a ambas dúas cuestións pasa polo entendemento entre os concellos da comarca, pois a Mancomunidade de Municipios é voluntaria para estes. Calquera pode comprender que o camiño emprendido por un sector de Oleiros, baseado na confrontación, a denuncia e a ameaza ó Alcalde da Coruña e a outros concellos limítrofes é a maneira menos apropiada para encontrar solucións. No asunto do lixo coinciden plenamente Alternativa dos Veciños e PP de Oleiros, Sada, Abegondo, e Bergondo, en contra da posición dos socialistas. O proxecto de tratamento da basura

do Concello da Coruña garante o respecto ó Medio Ambiente e á saúde e conta co apoio de Greenpeace, do PSdeG-PSOE, do BNG e de EUEG. Polo tanto, se o que nos preocupa é a saúde dos veciños e o respecto ó Medio Ambiente, os motivos formais, que existen, non deberan impedir que nos incorporásemos a este proxecto. No asunto dos bombeiros é urxente chegar a un acordo para que este servizo estea garantido en toda a comarca. Nun tema no que hai en xogo vidas humanas, non deberamos pararnos en si os debe administrar a Mancomunidade ou un Consorcio, e menos si tódolos demais concellos xa están de acordo co Consorcio.

O servizo de Bombeiros debiera ser abordado comarcalmente pola Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos, pero ata hoxe nin a Xunta nin a Deputación fixeron nada en tal sentido. Entre tanto, se Oleiros solicita entrar no citado Consorcio que precian o resto dos concellos da comarca, o PSdeG-PSOE de Oleiros comprométese a traballar para que contemos con Servizo de Bombeiros. Praerianos moito que vostede coincidira coas nosas propostas, pero tanto neste caso como no contrario estaríamos encantados de coñecer as súas razóns, ben persoalmente, por teléfono ou por correo electrónico (psoe.oleiros@cyberweb.es). Tf. 981.63.89.73. Saúde e bo verán.



O teu can segue sen pedirche «caca»

Xa o sabemos:
Quérello coma se fose un fillo,
pero non consigues ensinálo a pedir «caca».

Tamén sabemos que é moi cómodo sacalo de paseo e non preocuparse por donde deixa o seu rastro.

Pero tí tamén sabes que os xardíns e aceras quedan feitos unha porquería con tanta merda de can.

E moitos veciños chaman ó Concello porque se sinten molestos de que os espazos públicos estén tan porcos.

Cando fai caca,
recóllea nunha bolsa de plástico e tíra-a nun contenedor.

Porque a todos nos gustan os cans.

Pero tamén nos gustan os espazos públicos limpos.



Todos temos que axudar ó disfrute das praias



Que as praias estén relocintes durante o verán vai depender tamén de nós mesmos, dos cidadáns que facemos uso das instalacións.

Pero anque os servicios municipais de limpeza e de seguridade (Protección Civil) cooperarán para facernos pasar unha estupenda temporada ó aire libre, axudados polo bo tempo; anque todo estará a punto para que poidamos disfrutar dunha fantástica temporada, é necesario lembrar que o estado das praias tamén vai depender de tí. Sí, do noso comportamento como cidadáns.

Facer un bon uso das papeleiras, das instalacións deportivas, dos xogos. Mostrar comportamentos civilizados para a tranquilidade de todos. Cousas como non utilizar radios ou cassetes con volume alto, controlar que os nenos, xogando, non molesten a outras persoas; aparca-los vehículos nos lugares adecuados, e utiliza-lo transporte público sempre que sexa posible.

Tamén hai que persegui-lo decoro e a limpeza desfacéndose dos refugalllos nas papeleiras ou contedores adecuados, e non deixando restos de xantar ou de envoltorios ou envases espaxados pola area ou os campos.

Porque, ¿de qué serven as bandeiras azuis, as praias ben dotadas e comunicadas, as instalacións hixiénicas e deportivas... cando os cidadáns non poñemos o noso bó humor, a esmerada educación e o comportamento civilizado?

As augas son outra boa fonte de noticias. Como sabes, os problemas que había os anos anteriores en Santa Cruz quedaron resoltos o pasado ano, cando tódolos controis das augas, que realiza a Xunta de Galicia, constataron que as augas de Santa Cruz non tiñan rastro de contaminación. O resto do contorno municipal, como sempre, sen nengún problema.

Recollida de Lixo

Horario para deposita-lo lixo nos contedores:

De 9 da tarde a 12 da noite

Non depositen lixo os sábados ou véspera de festivos
Por favor, respeten estes horarios, por razóns hixiénicas. Todos queremos un Concello limpo

Recollida de **Chatarra**. Tlf. 63 1184

Para tirar papel:

Perillo: Colexio Valle Inclán / Casa da Xuventude, rúa Darwin / Instituto Xosé Neira Vilas. **Santa Cruz:** Colexio Isidro Parga Pondal / Rúa Ricardo Cubeiro / Instituto de Bastiaqueiro. **Mera:** Colexio Luis Seoane. **Oleiros:** Colexio A Rabadeira / Urbanización Dos Regos, Centro Formación.

Para tirar vidro:

Perillo: Praza da Canteira / Praza Darwin (Casa da Xuventude) / Avda. Sta. Cristina (Parque José Martí e esquina rúa Xuncal) / Avda. das Mariñas (NVI) (Urbanización Agramar e Urbanización Beíramar) / Avda. Rosalía Castro (Ferretería Oswald). **Nós:** O Seixal. **Santa Cruz:** Viñas de Babilonia (esquina Suárez Picallo) / Esquina Hotel Maxi / Rúa Ricardo Cubeiro. **Mera:** Edificio Casablanca / Edificio A Perla. **Dorneda:** Cruce de Arillo. **Oleiros:** Praza da Rabadeira / Urbanización Dos Regos.

Por favor, non deixe caixas, papel ou botellas fóra do contedor. Agarde a outro día, ou avise ó servizo de recollida.

Animais domésticos

Se vostede ten cans, non os leve ceibos, xa que poden molestar a alguén. Procure que non defiequen nas rúas.

7,30h. Telediario Matinal en TVE1

7,35h. World News en Canal +

8h. Bos Días Galicia, en TVG

9,30h. El Primer Café, en Antena 3

10,30h. Vacaciones en el Mar, en Telecinco

12,35 Barrio Sésamo, en TVE2

15h. Ténis, en TVE2

15,40h. Extra Rosa, en Antena 3

19,10h. El Flechazo, en TVE1

20,30h. Lo más Plus, en Canal +

20,55h. Telexornal Serán, en TVG

22h. La dos noticias, en TVE2

...

Tira-lo lixo tamén ten horario.

Entre as 9 e as 12 da noite,
con bolsa pechada
e no teu contenedor preferido.

TUDO O QUE NON ATENDA ESTE CONSELLO ESTARÁ DEMOSTRANDO O POUCO RESPETO QUE TEN POLOS DEMÁIS

Máis alcantarillados en varios lugares do Concello

Sempre en colaboración coas comisións veciñais creadas en cada lugar para construír obras de saneamento, escomezarán próximamente as das Rúas Pexegueiras, Codesal, Escondite (O Seixo), Miguel Hernández (Oleiros), O Paraíso (Perillo) e A Carreira (Serantes).

Así mesmo, están a constituírse comisións veciñais para realizar os colectores das rúas Coornide Saavedra e Martín Sarmiento, en Lourido Grande, nas rúas da Cruceira e O Lourido, en Dorneda; O Couto, en Lorbé, e Punxeiro (Serantes).

Todas estas obras realízanse por iniciativa veciñal, e sempre contan coa colaboración do Concello.

Nova estafeta para Correos



A construción da central de Correos en Perillo xa está en marcha. Ubícase no Parque de Cavaamontes. É un edificio de máis de 360 m², en pranta única, situado na esquina que compoñen as rúas «B», Pombal e unha peatonal, ubicado no alto de Perillo. No exterior, ademais dunha praza peatonal, haberá espazo suficiente para utilizar de aparcamento. A finca que o concello puxo a disposición de Correos ten máis de 500 m², e a nova construción terá 30 metros de fachada e 12 de fondo.

O exterior será de pedra e terá unha altura duns 5 m.

O concello agarda que con este paso adiante na infraestrutura física, rematen definitivamente os problemas que se teñen detectado no servizo público de correos.

Duascentas caixas para apartados, peiraos de carga e descarga que dan á rúa Pombal, unha plantilla que aparece asignada á nova Oficina Técnica composta por 15 empregados de reparto —dous máis que na actualidade— e 2 funcionarios de atención ó público, e un parque móbil composto de 5 motos e 2 automóviles son algunhas características da nova central.

Ollo: escribe ben o teu enderezo

Moitas veces criticamos ó servizo de Correos, como resulta xa un vello costume. Ás veces, incluso temos razón, ó queixarnos dos retrasos, da escasez de funcionarios, etc.

Pero outras veces, nós mesmos somos culpables de que as cousas non vaian como deberan: temos mal postos os números das fincas, ou damos mal o enderezo a quen acostumbra a enviarnos cartas. O Concello xa ten sinalizadas tódalas rúas do termo municipal, pero sen a colaboración de todos, os carteiros non poden desenvolver-lo seu traballo con eficacia. Botémoslles unha man.

A Facenda do Estado quédase con cartos dos 25.000 veciños de Oleiros

Un recurso ordinario é a vía elegida polo Concello para reclama-lo diñeiro que nos corresponde dos Tributos do Estado. Este diñeiro repártese en función da poboación, e nós seguimos a percibir por 18.000 habitantes, cando o censo oficial ascende a cáseque 25.000.

Segundo estimacións realizadas polos servizos económicos municipais, o diñeiro que os veciños de Oleiros temos deixado de ingresar nos cinco últimos anos podería acadar 250 millóns de pesetas.

Tamén se está estudando a posibilidade de reter cantidades que o Concello ten que abonar ó Estado en concepto de Seguridade Social ou IVE.

O recurso formal ante o Ministerio de Facenda por incumplimento da normativa vixente, é a única vía que temos para reclama-lo que nos corresponde, logo de varias xuntanzas en Madrid con responsables de primeira fila. En novembro do 96 e na primavera do 97, representantes municipais entrevistáronse con Carlos Olano, subdirector xeral de Coordinación coas Facendas Locais, que chegou a recoñecer a inxustiza que acocha o actual sistema.

Pero os feitos demostran que o alto cargo de Facenda segue a moverse en niveis agravantes para concellos como Oleiros, pois a liquidación de tributos de 1996, que se notificou ó Concello nestes días, segue a tomar datos do censo de 1991. As Cortes Xerais determinaron que desde 1996 deberían seguirse criterios de «padrón continuo». De feito, un Real Decreto do Ministerio que dirixe Rodrigo Rato recolle que «é importante dispoñer de cifras de poboación reais que puidesen ser aprobadas oficialmente polo Goberno con carácter anual». O actual sistema informático dos padróns permite saber, por exemplo, que actualmente hai 24.494 veciños censados en Oleiros.

A reclamación ante Facenda baséase

Vanse para outros lugares impostos de uns 7.000 cidadáns

Estamos a perder 200 millóns de pesetas/ano



nun completo estudio municipal —126 páxinas—, onde se recollen desde referencias legislativas, datos censais, cálculos aproximativos para fixa-lo agravio cometido, ata actas de xuntanzas celebradas para tratar de resolve-lo asunto.

Entre os numerosos datos do memorando, destaca o incremento poboacional desde o ano 92, consecuencia da expansión urbanística posta en marcha polo concello: mentres a media de España medraba con índices inferiores ó 1%, Oleiros facíao superando entre 6 e 7 veces ese índice. Entre o 93 e o 95, Oleiros medraba un 20%, pero non así os recursos que recibía do Estado, que lóxicamente —e así o recoñece a lexislación— deben ser proporcionais á poboación que soporta cada entidade, que é na que teñen

que revertir-las impostos que pagan os seus veciños para dotalos de servizos e infraestruturas.

Anque o informe recoñece a dificultade dun cálculo de todo o que deixaron de percibir-las veciños, realiza aproximacións que estiman o agravio nun 14% dos recursos. Entre as conclusións do estudio sobresa a posibilidade de reclamar a Facenda a restitución do diñeiro non percibidos.

Un exemplo pode ilustra-lo problema: en 1996 recibíronse 12.774 pts. por habitante, cando deberíanse ter recibido 15.876, o que supón unha diferenza de 3.102 pts. menos por habitante, que dá un total de 71 millóns de pesetas de diferenza correspondentes ós nosos impostos, que lóxicamente son investidos noutros lugares.

Desartellado un ponto de venda de droga no Seixal

Unha exitosa acción levada a cabo entre a Policía Local de Oleiros e a Unidade Xudicial da Garda Civil deu como resultado a detención de tres persoas acusadas de traficar con droga nun local da avenida das Mariñas, no Seixal.

A detención foi dificultosa, pois, como se sabe, para poder realizar accións policiais con éxito entre os «camellos», hai que probar que están realizando actividades ilícitas, como así foi logo de varios intentos, xa que son moitas as tretas que utilizan os delinquentes para evitar ser detidos.

O grave problema tíñase detectado hai tempo, e moitos veciños chamaban ó concello preocupados polo moito que se notaba no pobo este tipo de delincuencia, xa que os «clientes» que tiñan non dubidaban en picarse mesmo nas proximidades do lugar, como a polideportiva do Lameiro.

Relacionado con isto, a alcaldesa tivo recentemente unha xuntanza con responsables da Garda Civil, para ofrece-la colaboración municipal cara a aumenta-las operativos do corpo destinados en Oleiros, así como a acometer obras de infraestrutura, ata conseguir que Oleiros sexa a sede dun mando comarcal. De momento non está fixado se construírán outra unidade operativa, ou ampliarán as instalacións existentes. Aumentará así a seguridade cidadán.



En Madrid louban a xestión urbanística de Oleiros

Unha das conclusións que trouxeron con ledicia varios membros da Corporación que se entrevistaron en Madrid con responsables do Ministerio do Medio Ambiente foi que gustaba a política de protección da costa e os espazos públicos practicada polo Concello, na liña dos criterios má avanzados de Europa.

O exquisito respecto ó ecosistema da ría do Pasaxe nas urbanizacións do interior contrasta clarísimamente cos enormes recheos que se están levando a cabo na marxe oposta para construír grandes bloques de edificios.

Tamén gusta en Madrid a recuperación de espazos cabo do mar en todo o marxe litoral do concello, tanto os espazos urbanos de costa, como os paseos de Agramar, Santa Cristina, Santa Cruz ou os proxectos de Mera e Bastiagueiro, como as decisións de protección dos espazos do norte recollidas no Plan Xeral.

A cultura ambiental do urbanismo de Oleiros completas co espectacular proxecto de sendas marítimas deseñado, para que calquer persona poda camiñar ou practicar deporte en todo o litoral.

É un orgullo para o Concello recibir opinións como esta dos técnicos que dirixen numerosos proxectos ambientais en toda España.

Mera: temos que reformárlle-lo proxecto do Paseo Marítimo

O Ministerio do Medio Ambiente non contratou aínda a construción do Paseo Marítimo de Mera. A desculpa que agora diron foi que o proxecto non se axusta ás normas da Unión Europea e o goberno do PP non ía modificalo porque non tiña cartos.

Pero a resposta do Concello non se fixo esperar: os técnicos municipais reformarán o proxecto para que o Ministerio non teña esa desculpa para iniciar tan importan-

te obra para o norte do municipio.

Prosegue así a presión do Concello ante o goberno de Madrid: se non fose polas varias visitas que xa se fixeron a Madrid por membros do goberno municipal e técnicos do Concello, o paseo de Mera seguiría paralizado.

O novo proxecto terá que eliminar determinadas intervencións que se consideran «duras» que poderían chocar cos actuais criterios de intervención na recupera-

De non ser polo interés do Concello, Mera tería o seu paseo abandonado polo goberno do PP en Madrid

ción de entornos naturais. O Ministerio que dirixe Isabel Tocino mantén, eso sí, o compromiso de construí-lo Paseo Marítimo.

Mera contará coa súa liña litoral remozada, máis cómoda e adecuada para recibir ós miles de visitantes que atrae a súa praia no verán. Segundo dixeron, unha vez subsanadas as deficiencias, contratarase de inmediato.

Din que comenará «axiña» a recuperación ambiental do entorno de Bastiagueiro

En pouco tempo será contratada a reforma do entorno da praia de Bastiagueiro. Segundo parece, os problemas presupostarios do departamento fixeron imposible a execución desta obra, tan longamente agardada polos veciños.

A intervención consiste na recuperación ambiental da traseira da praia e a realización da primeira fase do Parque Metropolitano que algún día comunicará a praia coa zona de Santa Eulalia de Liáns e o pazo de Lóngora, zona na que tamén se ubican dúas instalacións universitarias como o INEF e o futuro Insituto de Medio Ambiente da UDC.

A recuperación do entorno de Bastiagueiro fora redactado pola Xefatura de Costas da Coruña a petición do Concello de Oleiros, que se interesou polo seguimento do seu devalar polos despachos técnicos ministeriais en varias ocasións, e tamén de ter disposto o terreo necesario para a habilitación do parque.

Bastiagueiro terá, ademais do espazo verde que arrodea a praia, unha extensión dos carrís-bici que agora se constrúen na Avda. de Ché Guevara, un paseo de madeira, varios aparcamentos, a canalización e recuperación das marxes do río, e dúas pasarelas moi fermosas que cruzarán a estrada. O conxunto será axardinado. Anque se trata de dúas obras diferentes, o certo é que a actual mellora de Ché Guevara



e a recuperación da praia farán que Bastiagueiro remoce completamente a súa fisonomía.

Os terreos necesarios foron mercados polo Concello para facer posible que o Ministerio realizara as obras.



Ibarrola, un novo parque para Montrove

A Finca Ibarrola ten unha extensión de uns 5.000 metros e está situada nunha vaguada de Montrove cunha boa orientación. A súa principal edificación, un pazo do que aínda se conservan algunhas paredes, ardeu hai uns 10 anos.

O pleno municipal iniciou os trámites para que a finca pasase a patrimonio público co gallo de convertirla en espazo aberto ós veciños. Non foi sinxelo, posto que a propiedade está moi dividida e máis da metade é da Igrexa.

Pola súa ubicación, Ibarrola será unha ampliación do actual parque de Montrove, situado perto da capela de Sampaio. No lugar atópase tamén un manancial de auga que foi restaurado hai algún tempo polo Concello, e que constitúe unha das fontes máis fermosas de Oleiros. O conxunto resultará moi interesante e cun certo engado para o paseo e a expansión cidadán.

Logo de que o pazo (que data de 1780) ardera, só quedaron na finca un fermoso paseo de buxos e outras árbores nobres e de gran porte. Tamén existen varios mananciais e fontes, que nun tempo servían para abastecer á poboación de Montrove e hoxe están en desuso, como pedindo a berros que alguén as recupere e lles dé novo uso. Hai ademais un espectacular pombal, de sólida estrutura, que probablemente será recuperado. Quedan de pé algunhas fachadas e elementos arquitectónicos que fan da finca un encantador recuncho.

Polo lugar pasaba o antigo camiño real que unía Santa Leocadia de Perillo coa capital municipal, e toda a finca está arrodeada de camiños públicos. O conxunto do espazo público que se pretende crear abrangue unha dimensión duns 10.000 metros.

Montrove, que pertence á parroquia de Liáns e está situada entre a estrada de Oleiros e a N-VI é un dos lugares do concello que máis medra, xa que alí se están a promover algunhas urbanizacións que atraerán moitísima poboación. O obxectivo municipal é que os novos núcleos de poboación sexan lugares dotados dos espazos públicos apropiados a un hábitat de alta calidade.

O Concello prosegue así a súa política de recuperación de entornos e espazos históricos, e protexendo o medio natural. Especialmente en lugares que están experimentando un notable incremento de poboación: os novos cidadáns xa perciben que vir vivir a Oleiros é unha decisión que aposta pola calidade urbana. Máis alá de pura teoría, nota-se en accións como esta.

Adxudicáronse unha chea de obras de asfaltado, pero quedan pendentes de realizar moitas outras, que precisan aceras e arcéns para previla seguridade viaria

Lendoiro quere abandona-las obras que máis necesitamos

Quedaron adxudicadas varias obras en todo o concello a cargo dos fondos provinciais que corresponden ó termo municipal de Oleiros. A empresa que debe realiza-los traballos, «Vilariño SA», ten que ter comezado xa e telos listos canto antes, debido á situación de deterioro que presentan as rúas, camiños e estradiñas beneficiarios, case todos eles enclavados en zonas semiurbanas.

As vías que serán reparadas son: Rúa Real, en Oleiros; Pazo, en Montrove; Illa Portelo, en Maianca; Xenza, en Liáns; Lameiriña e A Chave, en Dorneda; Río Seixo, en Santa Cruz; Mollón, en Dexo; Barcala, en Nós; Carreira

Cova, en Montrove; A Costa e A Carreira, en Xoez; Rúa do Castro, en O Caño- Inías. Tamén se asfaltarán as rúas Codesal (Liáns), A Marola (Dexo), Broño-Maianca, Pinar do Río (Mera), Porto, Rialta, Pinar, Icaria e Valle Inclán.

Os proxectos destas obras foran presentados hai tempo polo Concello ante a Deputación, anque nelas non se esgotan as demandas municipais de obras provinciais. Moitas destas vías da Deputación presentan problemas para a seguridade viaria. O Concello leva anos solicitando que se tome en serio estas estradas da súa propiedade, que non cumpren os criterios mínimos para preservar a circulación a pé, e nalgún caso, tam-

pouco a rodada.

Representantes municipais reuníronse co presidente da Deputación para tratar en conxunto diversos temas que preocupan ó Concello. Lendoiro pretende que moitas das estradas sobre as que ten responsabilidade a Deputación pasen a depender do Concello. Pero se isto é así —responde o Concello— «para qué existe a Deputación?». O actual mandatario provincial quere desfacerse de estradas que necesitan atención e recursos, pero Oleiros non está disposto a pagar obras que por xustiza teñen que pagar outras administracións.

Exemplos do abandono a que están sometida-las vías provinciais

son a estrada de Meirás, entre o Centro Cultural das Torres de Santa Cruz e As Abeleiras; en Mera a vía que une a praia con Pinar do Río, na estrada que leva a Veigue, onde os peatóns se xogan a vida, xa que non hai nen aceras nen arcéns. A rúa do Repicho, en Santa Cruz, precisa asfaltado e aceras, pois é unha das poucas vías urbanas da poboación que non conta con elas; en Santa María de Oleiros é necesario construír aceras en varios puntos da vila, como entre A Rabadeira, rúa Barreira, Avenida de Venezuela, ata Xubín, e a súa continuación ata Santa Cruz; así como a continuación das aceras e arcéns entre esta última localidade e Montrove. Tamén sería necesario resolver varias travesías entre O Real e Edreira, nos lugares de Santa María de Oleiros que dan á estrada de Sada.

Pequenas obras

Unha mancha de obras están a piques de contratárense ou xa realizándose. Trátase das aceras da Casa Labarta, en Mera, así como a urbanización e entorno da finca. Tamén o Plan 222????

En canto a alumados públicos, están os de Maianca-Broño, o Regacho, tamén en Maianca, e entre O Caño e a Volvo, en Inías.

Foron adxudicadas a construción da Polideportiva de Dexo, e a recuperación do entorno e mananciais das fontes de Vigo, Campo da Vila e Rialta. Tamén se contratou a reparación da depuradora de auga de Lorbé.

Novo camposanto en Dorneda

O entorno da igrexa parroquial de Dorneda será remodelado gracias á construción dun novo camposanto anexo ó actual. Para elo, expropiárase unha finca duns 5.000 m², necesaria para construír novos nichos —e tamén o resto dos servizos— e aparcamentos necesarios para que se poidan celebrar con comodidade os ofi-

cios funerarios habituais. Segundo as previsións, logo deste acto expropiatorio da finca, realizado por taxación conxunta, a primeira fase da construción poderase executar o ano próximo, por un importe que rondará os 35 millóns de pesetas provenientes dos fondos provinciais que corresponden ó Concello de Oleiros.

Servicios arranza camiños

A oficina de Servizos Municipais está a arrancar novos camiños. Na parroquia de Oleiros tocoulle as rúas Río da Loba, Rúa das Torres, Camiño dos Regos e Fondo de Xubín; en Nos a Rúa Xustiza; en Montrove Pazo do Río e en Liáns a Rúa do Espiño.

Adquiriremos axiña o séptimo camión recolector-compactador do lixo, co que se dará un paso máis no establecemento

dun servizo de alta calidade. Este vehículo permitirá incorporar un cuarto roteiro ós que diariamente percorren o Concello en procura dos refugallo (actualmente hai 3 itinerarios). Nos últimos anos foise incorporando un camión cada ano, para atender ás constantes demandas que o medre da poboación require, así como a calidade total do servizo.



MONTROVE: A CASA DO POBO AVANZA

As obras da Casa do Pobo de Montrove andan a bó ritmo. Como xa informamos, o novo edificio estará listo dentro deste ano. Trátase dun moderno volume que incorpora unha praza para xogos no interior, e que acollerá a Biblioteca, a sede das entidades sociais e deportivas, salón de actos e un área social que inclúe cafetería.

Dexo: unha finca da Igrexa para a súa polideportiva

O Campo da Festa de Dexo son 4.000 m² propiedade da Igrexa, pero os veciños queren que se constrúa alí unha polideportiva. Por elo, o Concello iniciará os trámites de expropiación, xa que os seus propietarios non están por chegar a un acordo. Ben é certo que o párroco de Dexo comparte a opinión dos veciños, pero desde «arriba» atrancan a cesión. Neste ano, os veciños de Dexo terán a súa instalación deportiva, a número 27 do concello.

Por fin, aceras en Arillo e Canide

Comezaron por fin as obras de construción de aceras en dous lugares que moita falla facían: desde o Colexio de Canide ata Mera, e desde a Casa do Pobo de Dorneda ata a urbanización Rialta, todas elas na estrada que une Santa Cruz e Mera, que vai adquirindo progresivamente un carácter urbano. O Concello tivo que convocar ós propietarios dos terreos para que cedesen unha parte para esta construción de aceras e arcéns, así como para o futuro carril-bici. A seguridade viaria neses

lugares tan frecuentados polos nenos e mozos, estará por fin preservada, pero aínda quedan moitas estradas de Xunta e Deputación sen estas melloras.



Lorbé agarda o acceso e a nave dos mariñeiros

O arranxo do acceso ó porto de Lorbé e a construción da prometeda nave para os mariñeiros seguen agardando a decisión da Xunta de Galicia. O Concello interesouse xa en moitas ocasións por estas obras, que desesperan ós veciños e ós usuarios das instalacións portuarias. Ademais, a finca donde está previsto construí-la nave, ofrece un aspecto lamentable. Lorbé vive do mar, e resulta apremiante dotar de instalacións ó porto este importante porto utilizado por máis de 30 armadores.

Cara e cruz da metrónoma

Se para sair da súa casa vostede ten que utiliza-la estrada entre Mera e Perillo, xa sabe que os días de verán non pode. Está chea de vehículos. Miles de veciños da Coruña acoden ás praias de Oleiros a disfrutar do sol. Eso nos produce incomodidades e benefi-

cios: é o malo e o bon de vivir perto dunha cidade grande. Tería a súa compensación se tamén nos beneficiásemos de vivir perto da Coruña para solucionar en común e con maior calidade outras cou-

zas, como o l...
vo naceu, hai...
desgracia non

O tratamento do lixo e a operatividade do servizo de bombeiros son os dous temas nos que o alcalde da Coruña, Francisco Vázquez, está centrando a súa problemática relación cos concellos veciños da capital. Está a piques de crear unha entidade, á que denomina "Consortio de Servicios", que separa eses importantes asuntos do control municipal. Neste afán é seguido por algúns alcaldes socialistas da comarca, que aplauden as súas decisións mentres segue sen funciona-la Mancomunidade de Concellos.

1. A RENTABILIDADE DOS SERVICIOS

Todo o mundo pode entender o principio de rentabilidade dos servizos públicos: Por exemplo, se crear un hospital para 200.000 persoas costara cen millóns de pesetas (500 pts. por persoa) para 250.000 persoas, custaría cento dez ou cento vinte millóns (unhas 440 pts. por persoa): o gasto por habitante no segundo caso é bastante menor.

O mesmo ocorre con servizos como o tratamento do lixo ou das augas residuais, cos parques de bombeiros, e con tantas outras necesidades dos veciños. En definitiva: os investimentos en servizos urbanos sempre medran en menor proporción que a poboación á que sirven.

2. ¿PARA QUÉ SE CREOU A MANCOMUNIDADE EN 1983?

Precisamente basada nese principio de rentabilidade no tratamento dos servizos naceu a Mancomunidade de Concellos da Coruña en 1983. Os seus estatutos recollen esta filosofía: tratar de maneira conxunta tódalas necesidades que se prantexen na área coruñesa: recollida de lixo, transporte público, comuni-



cacións, tratamento de augas residuais, abastecemento de augas, servizo de bombeiros...

O retroceso de poboación que experimenta a capital contrasta e complementase co medre dos concellos veciños —Cambre, Culleredo, Arteixo e Oleiros—. Elo fai necesario este acordo, semellante ó que existe noutras tantas cidades en todo o mundo, cara a un área metropolitana que faga posible o diálogo entre o centro urbano e as distintas poboacións periféricas. Todos saíramos ganados, xa que a mesma infraestrutura sae a menor prezo por habitante.

3. A MORTE POR INACCIÓN DA MANCOMUNIDADE

Este organismo supra-municipal naceu e nada máis. Desde aquela foi esmorecendo esquecido polo seu presidente, Francisco Vázquez, que houbo sufrir a chamada de atención da Xustiza, que o obrigou a convocar os plenos do organismo que non daba convocado por propia iniciativa. O Concello de Oleiros vírase obrigado a poñer-lo asunto en mans da Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Pero él segue na súa liña: continúa a torpedear-la e a esquece-los seus principios fundacionais, anque chegue a dicir ós xornalistas que "a Mancomunidade funciona de marabilla, ofrece tódolos servizos que necesitan os municipios veciños". Eso sí, ninguén lle pregunta públicamente cómo pode funcionar ben un organismo que non celebra plenos, non dispón dun regulamento interno, e está dirixido con total anarquía e cunha filosofía que bloquea toda iniciativa que non sexa a unipersonal do presidente.

4. ¿PORQUÉ NON FUNCIONA A MANCOMUNIDADE?

Según calquera pode constatar, o carácter personal de Vázquez é a única resposta ás preguntas que nos facemos moitos veciños:

¿Porqué non funciona a Mancomunidade? ¿Porque non interesa esta parálisis? A resposta dála as tódalas persoas relacionadas co asunto. Francisco Vázquez é o máximo responsable de que a Mancomunidade non funcione.

Hai que ter en conta que a Mancomunidade non funciona porque non interesa moito o que ocorre mentres se trata de manter a cidade «bonita»... colapsan a Avenida de Ché Gudiño para acudir á praia. Xa se sabe que a Mancomunidade non funciona porque non go e o espírito constructivo.

Desde Oleiros, en cambio, non se pode falar de espírito constructivo, e veríase que de que as cousas cambiaran, porque a Mancomunidade non funciona porque non se dá máxima importancia como o que se demanda veciñal para a que haxa servizos igualmente eficaces.

5. SI ÁS MANCOMUNIDADES EN GALICIA, PERO ¿NON Á DA CORUÑA?

De todo isto resulta un resultado claro: a Federación Española de Municipios e Provincias, que presidiu durante varios anos Francisco Vázquez, fai constantes chamadas para que se constituán mancomunidades de servizos. O propio PSOE, a través do seu deputado, esta fórmula para reforzar-lo afán de Vázquez é un dos máis destacados alcaldes de Galicia. ¿cómo é posible, entón, que non exista unha falta de interese pola harmonización dos servizos?

RESPOSTAS Ó DIÁLOGO PERDIDO:

«OS BOMBEIROS DA CORUÑA NON SAIRÁN A OLEIROS»

Os bons servizos nacen da boa vontade e dunha xestión pública atenta só ós intereses dos veciños. Oleiros propugnou por activa e por pasiva que a Mancomunidade saíse da súa ineficiencia, promovendo reunións e iniciativas que resolvesen dunha vez os problemas de xestión que existen na área metropolitana da Coruña.

Desde Oleiros sempre desexámo-la normalidade administrativa, polo que máis dunha vez solicita-

mos que se regulasen os prezos e o sistema de funcionamento do abastecemento de auga potable, das redes de tratamento de augas residuais, propugnamos unha chea de iniciativas sobre o transporte metropolitano, e continuaremos buscando un acordo para logra-lo mellor sistema de tratamento dos residuos sólidos urbanos da Mancomunidade.

Tamén no que se refire ós bombeiros temos realizado propostas para

constituir un corpo profesionalizado e ben dotado para toda a comarca.

A resposta temos que leela nos xornais, e consiste no seguinte: «Os bombeiros da Coruña non sairán a concellos de máis de 20.000 habitantes, como son Oleiros e Arteixo». Esperamos que o sentido común faga entender a todos que polo interese dos cidadáns, é imprescindible que nos entendamos..


idente,
municipal

Opole

ixo, os bombeiros ou os autobuses. Con ese obxectivo, en 15 anos, a Mancomunidade de Concellos, que por aí funciona.



Mapa da Área Metropolitana



comunidade? ¿A quen lle toca non é doada, anque os co asunto opinan que o responsable de que a comunidade non lles dáis alá da Pasaxe: contéñese ata que ven o verán e levava, por exemplo, para a solidariedade, o diálogo, sempre se mantivo un feito como moi positivo o feito para facer posible a mellor atención, ou outros da comunidade, unha vella comunidade que procurar solucións

ha grande paradoxa: a municipios e Provincias, anos o propio Francisco adas a que os concellos des para abarata-los nivel español, recomenda de recursos. Vázquez des socialistas de España, a Coruña se produza esta inter-municipal?

É sobradamente coñecida por todos a incomodidade que a moitos produce o desenvolvemento de Oleiros: un concello de tan alta calidade urbana a un paso da Coruña leva a que moitos coruñeses veñan vivir aquí. Oleiros é o concello de Galicia que máis medra en poboación, pero onde os constructores non poden facer o que lles dá a gana. Aquí existe un Plan de Ordenación Municipal que prevé un crecemento poboacional ata os 40.000 habitantes en dez anos, pero as grandes promotoras inmobiliarias non poden entrar a saco a construír imperios de cemento, como se fixo noutros lugares.

O éxito dos demais resulta incómodo a moitos dirixentes, ós que lles encantaría que Oleiros seguise a ser a «aldea de corredoira» que era hai anos. Ninguén sabe que outros beneficios pode ter para A Coruña o rexeitar un acordo natural, aberto e racional con toda a comarca.

6. A COMARCALIZACIÓN, PARALIZADA

Pero a responsabilidade non é só dos alcaldes. A propia Xunta de Galicia tiña previsto que estes problemas de diálogo entre as institucións locais no camiño por fortalecer a súa colaboración podía ser difícil. Para eso nacían, en teoría, as Comarcas, que son agrupacións de concellos para administrar o que lles interesa. Pero o goberno autonómico non é quen de poñer orden, e as Comarcas non teñen aínda solidez xurídica, polo que nos atopamos problemas creados por líderes locais que interpoñen os seus propios intereses ós principios de economía e eficacia que deben prevalecer en toda actividade política.

7. OLEIROS: ABERTO Á COLABORACIÓN

Non obstante, o Concello de Oleiros sempre permanecerá aberto —como é o seu costume— á colaboración vertical (coa Xunta, a Deputación, etc.) e horizontal (con outros Concellos, e moi especialmente co da Coruña), entre as institucións, xa que o diálogo, nestes casos, é unha obriga de quen ten a misión de administrar os impostos que todos pagamos. Por esa razón, temos impulsado contra vento e marea a vida da Mancomunidade e confiamos en que a Área Metropolitana chegue axiña a contar cun sistema de xestión moito máis útil para tódolos veciños.



RIA LEDA, A PUNTO

Remataron hai uns días as obras de Ría Leda, un dos edificios máis orixinais e fermosos do urbanismo de primeiros de século. Está situada en Perillo. A entrada principal é pola rúa Rosalía de Castro, pero a finca dá tamén á N-VI, cun longo e sólido muro sobre a Avenida das Mariñas. Foi restaurada por mozos en paro contratados polo Centro de Formación «Isaac Díaz Pardo». Será a sede da Biblioteca Central do Concello, que prestará servizos ó resto do Sistema de Bibliotecas e ademais acollerá outros novos como a fonoteca, a hemeroteca e outros servizos culturais.

O concello implanta a «dirección por obxectivos», para optimizala xestión

Conceptos de xestión empresarial encamiñados a aumentar a eficacia como «dirección por obxectivos» ou «planificación estratéxica» así como o modelo xerencial instaurado xa, comezarán a ser postos en práctica este ano tra-la aprobación do Plan de Actuación Municipal Anual (PAMA), aprobado pola Corporación.

Cada unha das 7 áreas de xestión ten uns obxectivos concretos que cumprir dentro do ano, reflexados nun documento. Do seu grado de cumprimento terá que dar conta ó remate do exercicio, co que será posible medi-la efectividade dos departamentos, e corrixilo seu funcionamento de non chegar a cumprir os obxectivos propostos. O PAMA é unha especie de «tradución» dos presupostos do ano, pero ten un acceso máis doado para todo o mundo, xa que non segue os prantexamentos ordinarios dos presupostos —con linguaxes e fundamentos moitas veces de difícil acceso por parte dos veciños—, senón as accións concretas de cada área de xestión. Nunha empresa, este documento sería o que en termos de xestión se denomina o «Plan de Empresa».

O documento reflicta un total de 128 programas diferentes. O cadro adxunto reflicta a división por obxectivos e a importancia relativa



| Área | Programas | Orzamento (millóns) |
|--------------------------------|-----------|---------------------|
| Servicios municipais | 12 | 585 |
| Secretaría Xeral e Policía | 20 | 220 |
| Obras públicas e Urbanismo | 10 | 465 |
| Servicios sociais | 8 | 113 |
| Económico-financieira | 8 | 92,5 |
| Xerencia | 50 | 261 |
| Fundación Municipal de Cultura | | |
| — Cultura e Educación | 5 | 67 |
| — Deportes | 1 | 21 |
| — Bibliotecas | 7 | 36 |
| — CMF «Isaac D. Pardo» | 5 | 132 |
| — Casa da Xuventude | 9 | 15 |

non demasiado doada para o cidadán.

O PAMA prevé uns indicadores de xestión, que poden ser consultados en calquera momento, para avaliar o grado de cumprimento das previsións realizadas e como se van realizando en termos de costes, calidade ou outros conceptos de interese para o veciño.

Xunto co Plan de Ordenación Municipal, referido ó uso do territorio, o PAMA resulta o documento máis importante do Concello, que contribúe asimesmo a aumentar a transparencia da xestión e que tódolos sectores interesados poidan consultar en cada momento cal é o grado de efectividade da xestión.

de cada un no conxunto, segundo o orzamento. O investimento real do Concello, incluído en varias áreas, ascende a 529 millóns para 1998.

Este sistema servirá tamén para defini-lo presuposto de 1999, que será de actividades concretas cos seus obxectivos, máis que, como ven sendo ate agora, só «de números» con conceptos de asimilación

Viaxes para os maiores e «obradoiros» para mulleres

As viaxes do ciclo «Coñecer Galicia» contan cun grande éxito participativo. No mes de marzo os intrépidos viaxeiros coñeceron máis a fondo a ría de Betanzos, visitando a súa vila e o pazo de Mariñán.

En abril, os participantes foron á ría de Arousa, onde se achegaron cara Vilagarcía, A Toxa e o famoso acuario de O Grove. O entorno da ría de Camariñas será visitado en maio no transcurso dunha viaxe que percorrerá Ponte do Porto, o cabo Vilán, Muxía e o castelo de Vimianzo, ademais da propia vila camariñana.

Os profesionais do departamento municipal xa están a artellar unha excursión cara as rías do Barqueiro, Viveiro e Foz, visitando Sargadelos e o museo do Mar de San Cibrao.

Todas aquelas persoas que estean interesadas en participar nas viaxes ou en calquera outra actividade que realiza Servicos Sociais poden informarse nas Aulas da Terceira Idade, nas asociacións veciñais ou nas Oficinas municipais



(tfno: 981 61 0000). Debemos lembrar que as devanditas Aulas son lugares de encontro onde se pode acudir para realizar actividades, encontrarse cos veciños, realizar todo tipo de tertulias, participar en xogos de mesa ou mesmo atopar toda a información que precisades. Están situadas en Perillo, Oleiros, Nós e Santa Cruz cun horario de 4 e media a 8 do serán, de lúns a sábado.

Cáseque 400 persoas están a disfrutar este ano dos 50 obradoiros ofertados polo Departamento de Servicos Sociais do Concello de Oleiros. As actividades que se desenvolven son manualidades, encaixe, corte e confección, tapices, entre outros. Todas elas organizadas polo Concello para que calquera persoa interesada en recibir ou ampliar coñecementos sobre estas disciplinas poida facelo pertiño do seu domicilio. As clases impártenas monitores e profesionais coa formación e experiencia necesaria no campo dos servicos sociais e, máis concretamente, na actividade específica que desempeñan.

Asemade, este departamento municipal tamén organiza unha chea de cursos eminentemente físicos, coa fin de promover a práctica de algún tipo de deporte entre os veciños do Concello. Arestora estanse a realizar clases de natación, ioga e relaxación, ximnasia de mantemento, bailes de salón e un taller de memoria. A eles asisten oleirenses e oleirensas empadroados no Concello de Oleiros.



A Global March en Oleiros, reclamando que remate a explotación infantil no mundo

Representantes da maioría das entidades cidadanas, culturais, sociais e deportivas do concello dironse cita no Centro Cívico de Santa Cruz a donde chegaron os rapaces da Marcha Mundial contra a Explotación Infantil no mundo. A maioría dos marchantes eran brasileiros que chegaban de Santiago e partiron para A Coruña logo de pasa-la noite en Oleiros. Emotivos discursos e unha chea de emocións chegaron para transmitir a solidariedade que a alcaldesa, Esther Pita, resumía así: «Manca-la inxenuidade dos nenos, perverti-lo seu proceso de crecemento, e sobre todo, renunciar a ofrecerlle un mundo máis xusto e feliz, é todo o mesmo crime. A infancia é a única patria real do xénero humano».



¿Tes 60 anos ou máis?

Mellor que na casa.

De 9 da mañá a 6 da tarde tes un lugar onde podes charlar, pasear, xogar, xantar, facer exercicio labores, tertulia... con cuidadores, animadores, médico, ximnasio e moitas outras atencións.

Pénsao ben e anímate.
Un autobús recóllete na casa
e vóllete a deixar alí.
E é moi barato.

Infórmate:
Servicios Sociais
Concello de Oleiros
Tlf. 61 00 00

PAZO
Arenaza
PORQUE O MERECEES TODO

**¿Eres
Obxector de
conciencia?**

**¿Estás censado
en Oleiros?**

**Pois podes prestar
aquí o teu
Servicio
Alternativo.**

Infórmate na
Casa da Xuventude
(Rúa Darwin, 1. Perillo)
Tlf. 63 5769

O Concello conseguiu de Educación tódalas súas demandas

Un novo Instituto para Oleiros

Os veciños de Oleiros, Iñás, Nos, e as novas urbanizacións da NVI terán un centro de ensino medio en óptimas condicións

As previsións de crecemento do interior facían necesaria esta obra



Un novo instituto de ensinanzas medias xa totalmente adaptado á ESO, será construído en Oleiros. Segue así a política municipal de apoio a un ensino público cos maiores estándares de calidade de Galicia.

O novo centro comezaráse a construír axiña en Santa María de Oleiros. Dará servizo ós alumnos de áreas urbanas sometidas a un grande crecemento poboacional, como son a propia capital administrativa, e as parroquias de Iñás e Nós. Os terreos que o concello poñerá a disposición da Consellería de Educación —xa dotados dos servizos de auga, enerxía eléctrica e alcantarillado— nun lugar da

parroquia ben comunicado e xa dotado de importantes infraestruturas culturais e deportivas, para faceren máis doada a realización de actividades complementarias ás regulamentadas nos Plans de Estudio. Precisamente a programación destas actividades son as que diferencian ó noso concello como impulsor dun sistema de ensinanza máis completo e alternativo, especialmente nas áreas de deportes, educación ambiental e coñecemento do entorno. A Fundación Municipal de Cultura destina grandes recursos cada ano a programar actividades deste tipo, boa parte delas en colaboración coas Apas e as direccións dos Centros.

Coa nova instalación docente son xa 14 os centros públicos que existen no Concello, todos eles completamente dotados e funcionando ó máximo nivel. No pasado curso houbo case 3.000 mozos e rapaces estudando nas escolas e institutos do concello. Deles, uns 2.400 o fixeron en ensino primario e medio, e o resto en educación infantil.

O Concello agradece á familia Gayoso as facilidades dadas para a inmediata cesión dos 11.000 m² de solo, que pasou a titularidade pública preservando para os propietarios o aproveitamento urbanístico da parcela.

Amplíanse Neira Vilas e Parga Pondal

O Colexio Público Isidro Parga Pondal, de Santa Cruz, e o Instituto Xosé Neira Vilas, de Perillo, ampliarán o seu número de aulas para acoller diferentes especialidades pedagóxicas e adaptarse ós novos criterios das ensinanzas derivados da LOXSE.

Así o confirmaron técnicos da consellería de Educación durante unha visita que xiraron ós dous centros de formación, acompañados de varios funcionarios municipais encabezados pola concelleira de Cultura, Ana Pallares.

O investimento previsto para o centro de Santa Cruz achégase ós 100 millóns de pesetas, que servirán para fornece-lo de ximnasio, patio cuberto e outras 6 aulas para educación infantil. Esta ampliación será realizada sobre unha finca de propiedade municipal anexa ó centro educativo, hoxe integrada no recinto escolar. Ó remate das mesmas, o «Parga Pondal» será un centro capaz para dúas liñas de Infantil e Primaria, suficientes para acolle-la demanda da súa área de influencia.

En canto ó Neira Vilas, a reforma consiste en pechar algúns porches da actual estrutura

do edificio para acoller igualmente un ximnasio e mais novas aulas de informática, tecnoloxía e música, adecuadas para impartir-las clases nas condicións que marca a LOXSE.

Estas melloras están no cerne das demandas que viñan tendo lugar polo Concello, as Asociacións de Pais e incluso as entidades veciñais de ámbolos núcleos de poboación, se ben queda aínda por resolver un importante asunto, como é o arranxo dalgunhas anomalías detectadas na cuberta do colexio Valle-Inclán, tamén de Perillo, ó que tamén lle hai que andar na fachada e solos. Para elo, Concello e entidades seguirán a batallar diante da Delegación de Educación da Xunta.

As obras de ámbolos centros educativos complementáanse coa próxima construción do novo instituto de Oleiros, recién aprobado por Educación e que será edificado nunha parcela que ven de ser entregada polo Concello na parroquia de Santa María. Segundo as previsións apuntadas polas autoridades educativas, este centro comezará a presta-lo seu servizo no curso 99-00.



Coas obras, os centros de Oleiros quedan habilitados para atender ás necesidades educativas prantexadas pola ESO

As xestións municipais diron o seu froito, sen necesidade de ter «amigos políticos»

As Bibliotecas en cifras

¿Verdade que a mellor forma de acceder á cultura é ter acceso a ela perto da casa? Para que eso ocorra, o **Goberno Municipal** comezou hai anos a acerca-las bibliotecas ós veciños. **Xa temos a rede de bibliotecas máis completa de Galicia. Estas son as cifras que resumen a actividades do Sistema Municipal de Bibliotecas durante 1997.**

| | |
|--------------------------------------|-------------|
| Número de bibliotecas | 8 |
| Investimento en bibliotecas | 35 millóns |
| Total de volumes no sistema | 59.472 |
| Total publicacións periódicas | 446 |
| Postos de lectura | 277 |
| Usuarios 1997 | 45.452 |
| Usuarios homes | 49% |
| Usuarios mulleres | 51% |
| Maiores de 14 anos | 59% |
| Total consultas | 92.628 |
| Concurso de contos infantís | 400 obras |
| Actividades | |
| — Exposición de debuxos sobre contos | 600 xoves |
| — Animación á lectura | 2.400 xoves |
| — Encontro cos escritores | |
| — Clube de Lectores Rialeda | |
| — Publicación «Cóntame un conto» | |
| — Exposición de Libros | |
| — Exhibición de vídeos | |
| — Días do Libro | |
| — Día das Letras Galegas | |

Unha unidade didáctica para sabelo todo sobre a Pardela Cincenta

Case todo o que se pode saber sobre a pardela Cincenta, que xa chegou a Oleiros un ano máis, queda recollido nunha unidade didáctica editada pola Casa da Xuventude.

O libro é unha proposta para a aula, o que os autores chaman «un proxecto educativo», un desexo moi relacionado coa educación ambiental que promove o concello constantemente entre escolares máis noviños. Queren, segundo contan, «achegar afectivamente ós alumnos á natureza, fomentando a súa sensibilidade; e tamén mellora-la capacidade de observación, aprender a valora-lo patrimonio natural e cultural, desfrutar dos valores naturais do noso contorno, coñecer lugares para a observación das aves. E por suposto, tamén coñece-las características desta especie e doutras aves mariñas.

O mar, que é o medio no que vive a pardela, ten un protagonismo especial no libro, e súxírese constantemente o ánimo de coidalo e respetalo.

A parte máis divertida é a destinada ás suxerencias para facer comentarios en clase, xogos e mesmo leituras. E incluso ten as bases para facer un móbil semellando o corpo da ave, para penduralo do teito. Noutra orde de cousas inclúe tamén un capítulo sobre cómo tramitar unha

denuncia administrativa por delito ecolóxico, e unha completa selección bibliográfica sobre este apaiñoante tema. A Unidade Didáctica está a disposición dos interesados en tódalas Escolas do termo municipal e na Casa da Xuventude.



Os veciños de Dexo-Lorbé teñen xa a súa biblioteca

Quedou inaugurada a nova Biblioteca de Dexo-Lorbé, nun acto no que tomaron parte moitos veciños. As súas instalacións están ubicadas na Casa do Pobo, que recentemente foi remodelada e ampliada para acoller un espazo para a lectura e o estudo, ademais doutras melloras como a reforma da cafetería e do ximnasio que tamén están listos para que os disfruten os veciños da parroquia.

A biblioteca está pensada especialmente para os máis novos da familia, xa que son eles os que precisan de lugares agradables nos que poidan estudar, ler ou mesmo retira-los libros que necesitan para a súa actividade

escolar. A nova sala, que se chama «Biblioteca Trovador Mendiño» é moi luminosa e tranquila e está rodeada de instalacións deportivas, complemento perfecto para os pequenos.

Os obras de mellora recibiron un investimento de tres millóns de pesetas, ós que hai que engadir outros dous, importe dos algo máis de 2.000 volumes que posúe esta nova biblioteca municipal. Para facer realidade esta instalación contouse coa colaboración dos alumnos e profesores dos cursos de carpintería e ebanistería do Centro de Formación «Isaac Díaz Pardo», dependente do Concello de Oleiros.

Esta nova sala de lectura com-

pleta un dos principais obxectivos do grupo de goberno: asentar un Sistema Municipal de Bibliotecas en todo o Concello. Este antigo anexo pretende fomenta-la lectura creando unha sala en cada parroquia de Oleiros. O devandito sistema está integrado pola Biblioteca Central de Perillo e outras sete localizadas en Santa Cruz, Oleiros, Mera, Iñás, Dorneda, Nós ademais da que se ven de abrir na parroquia de Dexo. Cando esté lista a Casa do Pobo de Montrove, instalarase tamén alí outra. E tamén está previsto abrir Rialeda, a donde se trasladará a sede da Biblioteca central.

Nace a «Ecoguía de Oleiros»

Unha publicación de cen páxinas a toda cor na que se recollen os engados turísticos de Oleiros ven de ser editada polo Concello en colaboración coa Secretaría Xeral para o Turismo da Xunta.

Numerosas informacións relativas ós espazos naturais, ó patrimonio histórico artístico, á vida cotián e o urbanismo, complétanse con outras referidas ás comunicacións, distancias, un completo mapa do Concello e os enderezos e teléfonos de cafeterías,

restaurantes, hoteis e campings que existen no termo municipal. Tamén hai un capítulo no que se recollen referencias sobre os arredores: A Coruña, As Mariñas, Santiago, a Costa da Morte e a costa norte.

Préstase moita atención ó medio natural, ó que está dedicado o primeiro capítulo onde se fala da fauna, a vexetación, espazos como a Ría, Dexo, Santa Cruz ou Mera, e mesmo se propoñen tres rotas: Bastiaguei-riño, Castro Sarro-Nos e terras de Iñás.

Grande actividade literaria en salas e escolas

«Encontros cos Escritores» e tertulias literarias para adultos son dous dos programas que se están levando a cabo na actualidade, xunto con outros xa de máis tradición, como os de animación á lectura ou a hora dos contos.

As tertulias consisten en que os veciños len todos o mesmo libro e logo falan sobre él. Abríuse o ciclo con novelas estupendas, como «La sonrisa etrusca», de José Luis Sampedro; «Donde el corazón te lleve», de Susanna Tamaro e «Mujer de rojo sobre fondo gris», de Miguel Delibes. Os martes en Santa Cruz, os mércores en Perillo e os venres en Oleiros.

Otra actividade son os Encontros con Escritores, nos que veñen partici-

pando ano trais ano diversos novelistas ou poetas.

Esta xeira toca Xabier P. Docampo, Ana María Fernández, Xosé Ballesteros, Gloria Sánchez, Ricardo Pérez e Xosé Manuel Martínez. O ciclo foi inaugurado coa presenza de Silvia Gaspar, que participou nunha sesión do Colexio Público da Rabadeira, de Oleiros, con alumnos da ESO.

A Fundación de Cultura editou un libro conmemorativo sobre o Día das Letras Galegas deste ano, adicado ós troveiros medievais Mendiño, Códax e Xohan de Cangas.

Hai censados nove clubes

Todo un carrusel de fútbol vivo

OS CLUBES DE FÚTBOL DE OLEIROS

CD OBREIRO DE OLEIROS
 MARINO CF DE MERA
 ATLÉTICO DE SAN PEDRO
 HÉRCULES DE SAN PEDRO
 MERCURIO DE IÑÁS
 SANTA CRUZ CF
 UNIÓN CAMPESTRE DE MONTROVE
 DORNEDA CF
 PERILLO CF

Sáudos señores e señoras, boas tardes e benvidos ó Olympicum Stadium de Oleiros. Tamén aquí roda o balón...E de que xeito! O noso Concello é, sen dúbida, un dos que máis xoga ó balompé. Temos tradición, temos xogadores e temos afección. Dende logo, sóbranos paixón. Tódolos ingredientes para meter goles e golazos.

Hai censadas nove equipas de fútbol nas distintas categorías oficiais. En 3ª Rexional participan o Dorneda, a Unión Campestre de Montrove, o Atlético e o Hércules -ámbolos dous da parroquia de Nós-, o Mercurio de Iñás e o Santa Cruz.

En 2ª xoga o Marino de Mera e en 1ª o Obreiro de Oleiros. En categorías xuvenís participa o Perillo CF.

Sen ánimo de facer de menos a ningunha escadra local, escollemos unha delas para destaca-lo enorme pulo que este deporte recibe —e seguirá recibindo— no Concello de Oleiros. Ese é o Obreiro.

Non podemos esquecernos que as orixes da práctica do fútbol na parroquia de Oleiros remóntanse ó ano 1911. Manuel Santos Carbón figura como presidente do equipo local. E dende aquela.

As vitrinas do Obreiro acollen varios títulos, entre os que destacan a Copa da Coruña, o Mini trofeo Teresa Herrera e os campionatos de liga de 1ª e 2ª



división en categorías de xuvenís e afeccionados. Tamén deberemos lembrarlle a conquista de varios trofeos municipais.

Tras un intervalo de tempo no que o Club se viu alonxado das competicións oficiais chegou Eugenio Pardo Conchado, quen, aló polo ano 1965, fixoo rexurdir definitivamente.

O Obreiro de Oleiros realizou unha viaxe moi especial ós Estados Unidos. Corría o ano 1982 cando os xogadores participaron en varios partidos de fútbol nas localidades de Nexark, Queens (Nova York) e West Point.

Actualmente réxese por unha comisión xestora, que está presidida por Fernando Barreiro. Os 61 mozos que pertencen ó Clube están repartidos polas categorías de afeccionados, cadetes, infantís e alevíns cabe reseñar que o domicilio social do Obreiro radica na casa da República, un local que é propiedade do Concello.

Campo do Condús: Deputación incumpre, Concello resolve

Un exemplo das promesas incumpridas da Deputación é a realización do campo de fútbol do Condús precisaba un investimento de 35 millóns. Íase financiar entre Deputación e Concello. Mentres Oleiros tiña presupostada a súa metade (17,5 millóns) no 97, foi imposible gastalos debido a que o organismo que preside Lendoiro «esqueceuse» do tema.

En vista do abandono da Deputación, o Concello reuniuse cos membros do Clube e axiña se chegou a un acordo con eles para restaura-lo campo: construíranse gradas, vestiarios e drenaxe do céspede. Incluso é posible que se amplíe a área de xogo, de fructificaren as xestións que se están a realizar con propietarios próximos para ceder terreo preservando o aproveitamento urbanístico do lugar. Clube e Concello serán así co-proprietarios dun campo en condicións óptimas.

O edificio da Pía de Maianca, sede dos clubes de fútbol e remo

A «Paxareira», para os deportistas do norte



O edificio da Urbanización «Pía de Maianca», situado perto da lagoa de Mera e coñecido popularmente como «A Paxareira» foi habilitado para sede social do Clube Marino de Mera, de fútbol, e para o clube de remo da localidade, que xa conta con outras instalacións tamén municipais perto da praia. As entidades disporán así de instalacións axeitadas sen que lles coste un peso. O Concello reservou a pranta baixa como local auxiliar para os xardineiros e mantenedores do Parque da Lagoa.



Novas pistas en Arillo e Sta. Cruz

A urbanización Rialta, de Arillo, conta xa coa súa pista polideportiva. Anque tiñan unha moi perto —na Casa do Pobo de Dorneda—, dado o gran número de personas que alí viven, viñan demandando esta mellora. Está situada nuns terreos anexos ó Parque Nicolás Redondo, donde está previsto que no futuro se constrúa un Colexio, e que ocupan uns 12.000 m².

Tamén en Santa Cruz estrearón hai pouco

pista polideportiva. Está situada no Parque Luis Seoane, e completa a infraestrutura deportiva da localidade, composta por outras pistas e o pabillón deportivo municipal ubicado perto do Colexio Parga Pondal. O Concello arpeitou as inauguracións para solicita-la colaboración dos cidadáns no senso de fomentar —sobre todo ante os máis novos da familia— o respecto ó mobiliario urbano, ós xogos, ó entorno e á natureza en xeral

A Asociación de Nós quéixase da Xunta «O PP nin nos contesta»

A Asociación «Os Rueiros», de Nós, lembran moi clariño cando a Xunta lles prometera abordar as obras da rúa Salvador Allende, a principal da parroquia. Din que só queren «o ben para os veciños», e que en absoluto desexan «politicizar» este asunto das obras. «Mandamos xa por dúas veces escritos á consellería, pero nin nos responden; cando temos ocasión de falar con alguén da Delegación, con algún funcionario, reiterámoslles que non podemos seguir así, con esa inseguridade de ter unha estrada moi poboada, pero sen aceras», din os seus directivos.

Pero as aceras de Salvador Allende non son as únicas que centran a atención de «Os Rueiros», unha das entidades máis activas e dinámicas do concello. «Queremos saber qué pasará co cruce do Carballo, de intensísimo tráfico». Aquel núcleo non ten sequera aceras, e os veciños que van a Oleiros ó médico, ou a facer algunha xestión ó Concello, atópanse cun gran perigo para a súa seguridade. «Sabemos que a estrada é da Deputación, e por iso lles pedimos explicacións a eles, unha demanda na que o Concello nos apoiou sempre».

Tamén teñen «mecha» para o Ministerio de Fomento, propietario da Nacional VI. Á Asociación preocúpalle o estado da vía no Batán, coas perigosas curvas que alí existen e a velocidade que acadan os automóviles (para quen non o coñeza, na zona de «Piensos Biona»). A NVI ten outro punto negro en Nós, que é o

cruce do Seixal. Anque desde Oleiros e desde a propia Asociación, os veciños levan anos pedindo solucións, o certo é que aínda non hai data para acometer as obras da Glorieta do Clube de Ténis, co que o acceso á A9 continúa moi problemático pola Costa da Tapia.

Unha última reflexión nos aportan estes veciños de Nós: «Resulta triste que sempre teñan que agardar ás eleccións para facer algo: hai que lles arrancar as obras cando se ven no

limite, cando nos teñen que pedi-los votos». «A nós, —proseguen— non nos importa quen governe. O único que queremos é o mellor para os veciños, especialmente para aqueles que andan a pé, que pasean ou se teñen que desprazar a facer calquer xestión; eses veciños están en grave risco, porque os responsables das estradas non as adaptan ás novas necesidades, e eso hai que dicilo con tódalas letras, polo ben de todos», conclúen con decisión.



En Perillo recomendan «imaxinación, paciencia e tenacidade»

«O PP non respaldou nunca as reivindicacións dos veciños de Perillo», din os membros da Asociación de Veciños A Ría, da parroquia máis poboada do Concello.

«Vimos exercendo, con imaxinación, paciencia e tenacidade, accións reivindicativas para que os presupostos das institucións se apliquen segundo a contribución de cada Concello», o que lles leva a reclamar constantemente maior atención para Oleiros e en particular para Perillo. «Celebramos —contan— xuntanzas con responsables de Correos, da COTOP, Deputación, Garda Civil, Sergas, Educación... sempre para que corrixan os déficits nestes servizos ou que instauren outros agora inexistentes, como transporte e comedores escolares, servizos de analítica e atención médica especializada e de urxencias...»

Os veciños de Perillo están especialmente molestos co Partido Popular porque, segundo contan, «os líderes locais do PP teñen informacións privilexiadas para seren os primeiros portavoces das inversións da Xunta ou Deputación, e publicar na prensa que se trata dun logro deles». Para «A Ría», «é unha burla presentarse como xestores e conseguidores do novo servizo médico de Santa Cruz, a instalación dos servizos postais en Caavamontes, ou o carril bici de Bastiagueiro». «Vai sendo hora de que a xente saiba —din os veciños de Perillo— que os líderes do PP non apoiaron ós veciños en nengunha destas reivindicacións».

Rialta: os novos veciños sorpréndense das portas abertas do Concello

«Sorprendentemente, nós, que procedemos case todos da Coruña, atopámonos nun lugar onde a especulación do chan deixou paso ó disfrute do chan, donde o precio do metro cadrado é menos importante que o precio do benestar; e preguntámonos porqué é así». Son palabras dos directivos da Asociación de Veciños «Xoecer», da nova urbanización de Dorneda.

En menos dun lustro, Dorneda triplicou o seu número de habitantes, debido á construción de Rialta, a gran urbanización máis desconvencionada e con máis espazos verdes de toda a comarca. «A maioría dos habitantes de Rialta procedíamos da Coruña, e descoñecíamos a enorme importancia que teñen aquí os movementos veciñais, e a relación que teñen co goberno local». Apontan por elo dúas razóns: «A primeira é que nas grandes urbes é máis difícil a relación cidadán-gobernante; a segunda é que normalmente, os gobernantes esquécese axiña dos cidadáns, e só

volver a recorrer a eles cando hai eleccións». A sorpresa é que en Oleiros non sucede así.

«Xuntámonos para defender os nosos dereitos como propietarios das vivendas que adquirimos, e axiña comezamos a relacionarnos co movemento veciñal de Oleiros. Atopámonos con que todo o equipo de goberno municipal tivo sempre as portas abertas para nós, e temos que confesar que nos vimos sorprendidos por este feito», din os voceiros dos veciños.

Pouco a pouco foron facendo chegar as moitas carencias que a súa recién nacida Urbanización presentaba, e nos últimos catro anos «podemos constatar que máis do 90% das nosas peticións foron atendidas con máis ou menos celeridade polo Concello». Engaden que hoxe «podemos disfrutar dunha calidade de vida na nosa urbanización, que é unha



urbanización para traballadores, que moitos quixeran para sí noutros asentamentos supostamente de luxo».

Para finalizar engaden que «non descubrimos nada novo ó salienta-la intensísima xestión cultural e educativa da que, sobre todo os nosos fillos, poden disfrutar en Oleiros».

E tamén apontan logros que os enorgulle-

Desde que se inaugurou a pista polideportiva, xa se está a celebra-lo I Campionato de Fútbol Sala que organizou «Xoecer» para toda Dorneda. Participaron máis de 150 rapaces desde os 7 anos. Máis de medio cento de partidos nos que se superaron os 600 goles. Todo un acontecemento para os máis pequenos. Fortalece-la relación de veciñanza, o espírito deportivo e a convivencia amistosa: obxectivos cubertos.

cen: «En total, nestes poucos anos de vida, logramos melloras por valor de 350 millóns de pesetas, e ademais somos o primeiro núcleo de poboación de Galicia con rede de gas xestionada exclusivamente polos veciños, para o que contamos co apoio do Concello de Oleiros». Dinse orgullosos de vivir nun concello que gobernan directamente os veciños.

Oleiros quere

As obras que contén esta lista foron solicitadas en varias ocasións

Cont

20

preguntas sen res-

DEPUTACIÓN DA CORUÑA (Presidente: D. Augusto César Lendoiro)

— ¿Cando se van mellora-los arcéns e construí-las aceras dos seguintes lugares?

- Mera, entre Pinar do Río e Urbanización A Pía
- Desde Praza da Rabadeira a Coruxo
- Desde o Centro Cultural das Torres a Franzomel
- Desde a Edreira ó Centro de Oleiros-Real
- Na Gaivoteira e O Repicho
- Do Piñeiro ó Campamento

CONSELLERÍA DE OBRAS PÚBLICAS E URBANISMO

DA XUNTA DE GALICIA (Conselleiro, D. Xosé Cuiña)

— ¿Cando se contratarán os arcéns e as aceras dos seguintes lugares?

- Do Seixal á Igrexa de Nós (Rúa Salvador Allende)
- De Coruxo a Os Regos

— ¿Cando se vai presentar o proxectos e adxudica-la obra da Vía Rápida para Oleiros e Sada?

— ¿Cando se fará o novo acceso ó Porto de Lorbé?

— ¿Cando se construírán as naves para os mariñeiros de Lorbé e Mera, tantas veces prometidas no Porto de Lorbé, e o novo acceso ó porto, tan necesario polo gran número de camións?

— ¿Cando se rematará e subsanará o grave problema do bombeo de fecais da Ponte Pasaxe, que está a contamina-la ría do Burgo e a praia de Santa Cristina?

— ¿Cando van cofinancia-las obras de bombeo para a eliminación das depuradoras de Mera e Canide?

— ¿Cando vai funcionar realmente o Centro de Educación Medioambiental do Castelo de Santa Cruz?

MINISTERIO DE OBRAS PÚBLICAS (Hoxe «FOMENTO»; Ministro D. Rafael Árias Salgado)

E MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE (Ministra Dna. Isabel Tocino) DO GOBERNO CENTRAL

— ¿Cando se van contrata-las obras de recuperación do entorno e paseos das preciosas praias de Mera e Bastiagueiro? Os proxectos levan máis de tres anos presentados e o Concello xa fixo unha forte inversión na adquisición do solo necesario.

— ¿Cando se vai face-lo túnel de Arenaza, en Iñás, e os novos accesos á N-VI, para a mellora do tráfico e a seguridade dos peatóns?

— ¿Cando se van facer as aceras nas travesías da N-VI en Iñás e Campamento?

— ¿Cando van comeza-las obras e accesos xunto ó Clube de Ténis, no Seixal-Nos?

— ¿Cando vai o ministerio de Facenda abonar ó Concello os ingresos que nos corresponden polo crecemento da poboación e que supón que cobramos uns 500 millóns de pesetas de menos desde o ano 92?

Esta relación será publicada ata que as obras ou proxectos estén realizados ou en marcha.

NÁUTICO, CASA DA
MÚSICA E CENTRO DE
INFORMACIÓN XUVENIL

A vella fábrica de cervexas prestará un gran servizo a tódolos veciños de Oleiros. Será un gran centro cultural e deportivo onde terán cabida numerosas actividades que aportarán un gran nivel ó concello. O Náutico servirá para que os recén tricamións de España de bateis —Clube de Remo de Perillo— teñan un amplo espazo onde garda-las súas embarcacións. A Casa da Música será un conservatorio dotado de tódolos adiantos, para que todo o que queira inicie ou perfeccione os seus coñecementos musicais, e o Centro de Información Xuvenil, desde o que se coordinarán tódalas actividades dirixidas á xente nova, con máis espazo e mellor dotación. Todo elo conectado co paseo de Santa Cristina, e co fermoso Parque José Martí. E ademais outro edificio histórico recuperado para que todos o disfrutemos.

Edita **Concello de Oleiros (Alcaldía)**
Realización *OCC*
Fotomecánica *Centerprint*
Impresión *La Capital*
Depósito Legal *C-848-97*

Poden dirixi-la súa correspondencia a:
Vivir en Oleiros.
Concello de Oleiros, Alcaldía
Praza de Galicia, 1 / 15173 OLEIROS

Gracias polas súas suxerencias

Vivir
en Oleiros


Nº 3 • Xuño de 1998



O Concello constrúe simultaneamente o Náutico, a Casa da Música e o Centro de Información Xuvenil

Guyatt, aquel inglés

Das cervexas «Corunna» a centro cultural de Perillo



A fábrica de cervexas de Perillo agacha unha historia. A de Oleiros, a da modernidade, a do progreso. Non en van, a Compañía Cervexeira de A Coruña resultou ser un gustoso aperitivo para o noso padal, nun momento onde esta bebida non era o suficientemente disfrutada polos habitantes da bisbarra mariñana. Os datos que vos mostramos están extraídos dun completo informe histórico que realizou hai un ano a Asociación de Veciños «A Ría», de Perillo.

Foi o señor Guyatt, un avanzado do seu tempo. Mais non o foi da noite para a mañá. Por suposto que non.

A construción acolleu, no seu día, unha actividade industrial relacionada coa produción de xabón. Debido a esta circunstancia, a zona onde se asenta coñécese como «Lugar do Xabón». As partes máis antigas datan do século XIX. Foi a finais deste cando a fábrica mudou a súa actividade productiva, pasando a ser de «preparación e transformación da pesca», segundo indican as crónicas.

Chegamos ó século XX. Velái cando o señor Guyatt, licenciado en Química industrial, adquire a construción mailas leiras colindantes, transformándoa para a produción cervexeira.

Estamos a falar de Roberto Guyatt Deusto, fillo de pai inglés e nai basca. O noso protagonista rematou o seus estudos en Inglaterra, especializándose en produción desta

bebida alcólica. Traballou durante anos en «The Hull Brexery Co Ltd.» (Compañía cervexeira de Hull, SL), ata que se estableceu en Perillo, coa denominación de «The Corunna Brewing Company, Ltd.» (Compañía cervexeira de A Coruña, SL), con denominación, tecnoloxía e métodos similares ó da firma inglesa. De feito, a maquinaria e materiais da instalación tiñan patentes británicas e alemáns. Pero, a pesar de tanta precisión internacional, o mestre de obras non podía ser doutro lugar que non fose Oleiros. Xa que logo, Pedro García Sesto, veciño de Nós, encargouse da execución desta tarefa.

A fábrica comeza a producir cervexa na segunda década do século, cando o señor Guyatt abandona definitivamente a fábrica inglesa, en xaneiro de 1910, para inicia-la produción en Perillo. O envasado realizábase a presión, en barriles de carballo de distintas capacidades, ou en

botellas verdes de cristal de Bohemia, que posuían un gravado co anagrama da fábrica. Os tipos de cervexa recibiron peculiares nomes: «Marissa», «Pale Ale», «Double Stout», «Mild Ale» e «Strong Ale».

Non menos curioso resultaba o dispositivo de peche de recipientes, patentado e cun deseño especial. Consistía nunha cápsula, exteriormente de aluminio cun apéndice a modo de precinto, que tiña no seu interior unha arandela de latón que oprimía contra a boca da botella outra arandela-tapón de corcho. Todo este aparello permitía a fixación da cápsula por medios mecánicos.

Seica o produto era de excelente calidade. Cóntase que unha colonia inglesa asentada en Ferrol era a principal consumidora da famosa cervexa de Guyatt. Parte da produción distribuíase por mar en embarcacións que cargaban no peirao da finca, coñecido aínda pola «Rampa do

Inglés». O resto transportábase por terra a traveso de carros de cabalos.

Mais o noso amigo estaba obesionado en emprender novas obras que engrandecensen, aínda máis, a fábrica oleirense. Novamente foi Pedro García Sesto o encargado de executa-las melloras. Cabe sulñar que Guyatt pretendía crear un xardín-merendeiro e outras instalacións, para a degustación da cervexa no propio recinto.

É certo que esta bebida ten hoxe unha popularidade da que carecía nos tempos do señor Guyatt. Un problema engadido anque non por isto capaz de poñer fin á ilusión demostrada por este fantástico emprendedor. De feito, entre os expertos da época falábase que a fábrica de Perillo era de mellor calidade que a súa competidora, a productora cervexeira de A Coruña. Nembargantes, a da Marinada tiña un mercado potencial moito maior, polo que, paseniñamente, foi gañando a batalla.

A pesar desto, o noso veciño negouse a asumi-la derrota: decidiu encargar a unha prestixiosa firma alemá, MAN, a redacción dun proxecto que recollera a tecnoloxía máis punteira da época. O obxectivo era producir 20.000 hectolitros anuais, o que resultaba todo un atrevemento (habida conta de que en Barcelona, cidade ben máis grande que a nosa bisbarra, a Damm producía 94.000).

Anque o proxecto resultaba viable, o financiamento esixido era demasiado alto. Deste xeito, e co fin de recupera parte do investimento realizado, Roberto Guyatt decidiu proceder ó desmantelamento da fábrica para vende-la maquinaria e os materiais das instalacións.

Co tempo, aparecen novas empresas como a Compañía de Petróleos Porto Pí ou a Unión de Explosivos, que descargaba no peirao da fábrica, conducindo o material por terra cara o «polvorín», situado nas proximidades de Punta Fieiteira.

Máis tarde estivo arrendada á sociedade «La Pesquera del Norte de España» que se adicaba ó envasado de olivas recheas de anchoa. O persoal laboral da empresa era fundamentalmente feminino, con residencia en Perillo. Asemade, tamén se instalaron neste lugar as naves de Hertasa, adicada ó tinte das lás nos anos 60, e os asteleiros de don José Valiña Lavandeira.